Acougo

Asociación galega de familias de acollida

tod@ nen@ merece unha familia... ou días

**Casa das Asociacións do Benestar Social**
R/ Manuel María #6, 3º-3
15705, Santiago de Compostela
T. 622 672 188 · www.acougo.gal

# MEMORIA DE ACTIVIDADES
# ANO 2023

# ÍNDICE


1. INTRODUCIÓN
2. FINS DE ACOUGO
3. ACTIVIDADES DE ACOUGO
4. XUSTIFICACIÓN DAS ACTIVIDADES
5. OBXECTIVOS
6. ACTUACIÓNS DURANTE O ANO 2023
   - DIFUSIÓN E SENSIBILIZACIÓN
     - Deseño e impresión do material das actuacións.
     - Proxección do documental sobre o acollemento familiar
     - Presentación de ACOUGO e da realidade dos NNA do sistema de protección á infancia nos concellos de Galicia
     - Charlas informativas nos diferentes concellos en materia de acollemento familiar
     - Divulgación do acollemento familiar na web, Youtube e redes sociais
     - Participación nos diferentes medios de comunicación social
     - Actividades de sensibilización: realización de espectáculos de música e teatro, clubes de lectura,o xogo de acougo, xornadas, exposición itinerante.
     - Campañas solidarias e de difusión do acollemento: concurso de postais, subasta de acougo
     - Commemoración de días importantes: Día mundial do Acollemento Familiar, Día do pixama, Día da familia.
   - FORMACIÓN SOBRE PROTECCIÓN Á INFANCIA E O ACOLLEMENTO FAMILIAR.
     - Planificación e deseño da formación
     - Formación a alumnado de ensinanzas obrigatorias, ciclos de

formación profesional, universitario e post-graduado.

- Formación a alumnado de centros educativos
- Formación a persoal técnico das administracións públicas
- Formación a profesionais do eido social, educativo e calquer outro.
- Formación a familias acolledoras e de orixe
- Formación interna de ACOUGO
- Formación ao voluntariado

- MEDIDAS DE APOIO AO ACOLLEMENTO FAMILIAR E RESIDENCIAL E AOS NNA DO SISTEMA DE PROTECCIÓN.
  - Asesoramento, información en materia de protexion da infancia e medidas da mesma; mediación nas xestións coas administracións públicas e outras entidades.
  - Apoio terapéutico e intervención social co as familias e crianzas en acollemento familiar: LEGO, visitas entre irmáns.
  - Actividades de conciliación familiar:

    . Servizo de canguraxe

    . Campamentos

    . Respiros familiares

    . Servizo de conciliación familiar durante as formacións e xuntanzas das familias.
  - Recursos de apoio ás familias: Campaña de xoguetes de Nadal, Banco de recursos, entidades colaboradoras....
  - Apoio e acompañamento a NNA de centros residenciais: Actividades de ocio positivo e intelixencia emocional para os nenos, nenas e adolescentes dos centros residenciais.
  - Actividades familiares

. Encontros de familias

- **PROXECTOS DE DESINSTITUCIONALIZACIÓN E MEDIDAS DE PREVENCIÓN DA INSTITUCIONALIZACIÓN.**
  - Curso en Familia
  - Concurrent PlanninG
  - Familias PLUS +

- **PARTICIPACIÓN E INCIDENCIA SOCIAL E POLÍTICA**

  - Grupo de participación infantil
  - Participación na POIG
  - Participación en ASEAF
  - Organización y Participación en congresos, xornadas,...
  - Reunións políticas
  - Reunións con entidades sociais

## 7. FINANCIAMENTO, COLABORACIÓNS E APOIOS

- Financiación Programas Xunta
- Subvenciones
- Actuacions conxuntas de difusión, sensibilización y obtención de recursos.

# 1. Introdución

A Asociación Galega de Familias Acolledoras ACOUGO constitúe unha entidade de interese xeral inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número de identificación E 7138.

Nace no ano 2019 da necesidade e da urxencia por involucrarse en maior medida e dende outra perspectiva, que ata entonces non existía, na defensa dos dereitos dos nenos, nenas e adolescentes (NNA) que están no sistema de protección público.

Non existe en Galicia ningunha entidade máis que poña foco exclusivamente no acollemento familiar como a mellor medida de protección á infancia, tal e como vén recollido na normativa Internacional, Estatal e Autonómica que pasamos a citar:

- Convención sobre los Derechos del Niño adoptada por la Asamblea General de las Naciones Unidas el 20 de noviembre de 1989, ratificada por España el 6 de diciembre de 1990.
- Código civil
- Ley Orgánica 1/1996, de 15 de enero, de protección jurídica del menor, de modificación parcial del Código Civil y de la Ley de enjuiciamiento civil.
- Ley 3/2011, do 30 de junio, de apoyo a la familia y a la convivencia de Galicia.
- Ley 2/2006, do 14 de junio, de derecho civil de Galicia.
- Decreto 42/2000, de 7 de enero, por el que se refunde la normativa reguladora vigente en materia de familia, infancia e adolescencia.
- Decreto 192/2015, do 29 de octubre, por el que se define la Cartera de servicios sociales de familia, infancia e adolescencia.
- Ley 13/2008, do 3 de diciembre, de servicios sociales de Galicia.
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, por el que se regulan los servicios sociales comunitarios y su financiamiento.
- Ley Orgánica 8/2021, de 4 de junio, de protección integral a la infancia y la adolescencia frente a la violencia.

A Asociación desenvolveu durante o ano 2023 maioritariamente as súas actividades dentro do ámbito territorial da Comunidade Autónoma Galega, aínda que tamén tivo presencia noutros puntos do Estado Español, onde participou e colaborou con entidades para visibilizar nunha maior medida a realidade do acollemento familiar.

## 2. Fins de ACOUGO

Os fins de interese xeral da Asociación son:

1. Protexer á infancia en Galicia
2. Representar ás familias acolledoras, tanto familia extensa como familias alleas.
3. Fomentar o acollemento familiar en Galicia.
4. Axudar ás familias acolledoras , nenos/as e xoves acollidos/as, no seu proceso de acollemento.
5. Xerar espazos de encontro e de compartir experiencias para as familias acolledoras.
6. Divulgar e sensibilizar á poboación en materia de medidas de protección de menores.
7. Formar e facilitar a formación regrada ou non, para as familias acolledoras, e menores ou mozos/as acollidos/as, tanto en familias como en centros residenciais.
8. Promover a formación específica para profesionais: dos servizos sociais das Administracións; Autonómica, Provinciais, locais , así como outros axentes involucrados na intervención con nenos, nenas e adolescentes, familias de orixe, acolledoras, etc.
9. Promover o autoemprego, procura de emprego activa e específica para xoves que estiveron, ou están no sistema de protección. E /ou familias biolóxicas.
10. Xerar e potenciar a utilización de espazos comúns de lecer/aprendizaxe coas familias de orixe e biolóxicas, nos casos nos que sexa recomendable.
11. Articular e propor redes e infraestruturas externas dedicadas a facilitar o desenvolvemento das visitas e relacións coas familias de orixe.
12. Promover a conciliación do ámbito familiar coa vida profesional e a participación social e política, de forma que se alcance unha verdadeira igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres.
13. Investigar e colaborar coa investigación desde a perspectiva de xénero, con relación á situación actual das persoas menores , e xoves que están ou estiveron no sistema de protección en Galicia, ou si é o caso, en España.
14. Participar , e traballar coa Administración para procurar novos modelos que unifiquen criterios , en materia de acollemento, nas catro provincias galegas.
15. Publicar e facilitar documentación e resultados de interese a outras Administracións, Autonómicas, Provinciais ou locais.
16. Promover unha conciencia social positiva e de respecto ao dereito fundamental das persoas menores de idade a crecer en familia.
17. Acadar o Interese Superior das persoas menores de idade, sempre.
18. Fomentar e facilitar a reciclaxe e reutilización de materiais de puericultura, roupa, material escolar, etc.
19. Actualizar o potencial solidario do entorno, promovendo unha concepción positiva sobre esta medida de protección
20. Alentar e fomentar a medida do acollemento familiar que posibilite a inclusión dos nenos, nenas e adolescentes nun ambiente
21. Configurar un movemento que sexa impulso para establecer colaboracións entre o institucional, o profesional e a solidariedade cidadá.

*O nome escollido para esta Asociación, "ACOUGO", pretende facer honra a estas finalidades, xa que atendendo á súa definición etimolóxica as ACOUGO vincúlanse ao feito de sosegar, acadar tranquilidade e sensación de benestar, pero non nun sentido de contención, senón tal e como se recolle no dicionario, "...facer desaparecer ou minguar un estado de excitación ou violencia nalgunha persoa..."sendo o seu significado "velar sobre alguén ou sobre algo, ou atendelo de maneira exacta e coidadosa para transformar o seu estado de ansiedade nun estado de calma e benestar". Estes dous termos "exacta" e "coidadosa" constitúen uns dos piares da atención que en ACOUGO lle queremos prestar ás persoas que se atenden dende calquera dos nosos programas. Unha atención personalizada e humanizada, consciente de que as persoas constitúen o capital máis valioso.*

Dende a súa constitución, ACOUGO conta cunha **xunta directiva** moi comprometida e participativa.




Nútrese, ademáis, do capital humano que lle aporta o **persoal voluntario (que ascendeu a 84 persoas durante o ano 2023)** e da aportacións dos seus **asociados (a finais do ano 2023 duplicamos o número de socios chegando a 92 familias).**

Estas colaboracións fan posible que ACOUGO poida prestar atención a familias que se atopan dentro do programa de acollemento familiar, entidades públicas e privadas ou persoas da sociedade civil que , por diversos motivos queren información, formación ou xestións no eido de protección de menores e/ou sobre a medida concreta do acollemento Familiar, tanto en familia allea como en extensa.

A este labor tamén aportan o **equipo profesional multidisciplinar** de ACOUGO, formado por **13 persoas** de ámbitos profesionais diferenciados e cunha longa traxectoria no traballo con menores e familias.

Todos xuntos loitamos por acadar un cambio de paradigma social, onde se conciencie á sociedade de que as persoas non se configuran como "propiedade de ninguén", nin tan sequera, as persoas menores de idade. Que aínda tendo dereito a unha familia , cando a familia de orixe non se pode facer cargo da súa crianza, non teña por que romper os vínculos coas súas raíces. E se lles respecte a relación, sempre que sexa posible, co seu entorno, configurando así unha realidade na que estas crianzas teñan a oportunidade incluso de ter dúas familias, en lugar dunha, ou ningunha.

## 3. Actividades de ACOUGO

A asociación, para a consecución dos seus fins, e a mero título enunciativo e non restritivo, pode realizar as seguintes actividades:

1. Colaborar coas Administracións Públicas e coas institucións que se dedican á protección de menores ,aportando experiencias, tempo , dedicación ,e profesionais, tendo en conta sempre o interese superior da persoa menor de idade".
2. Crear Puntos de atención , información , asesoramento e acompañamento para as familias acolledoras.
3. Crear unha rede de colaboradores, voluntarios e socios, contando tamén co persoal contratado que se estime necesario para a consecución dos fins, anteriormente descritos.
4. Promover actividades culturais como Cinema Forum, Teatro Social, expresión corporal, ciclos de música, debates, etc. Facendo posible a sensibilización por parte da sociedade nos temas de interese e facilitando a participación cidadá.
5. Convocar con frecuencia, grupos de traballo ou terapéuticos, charlas formativas e informativas, seminarios, etc, tanto para usuarios, persoal, membros da Asociación, como para calqueira persoa interesada nas temáticas que se propoñan.
6. Calquera actividade que de forma lícita permita conseguir fondos para a intervención directa coas usuarias, o mantemento e funcionamento da asociación.
7. Mediar con Institucións de ámbito Público ou Privado, en situacións de denuncia Social, ou para a consecución de obxectivos comúns en beneficio das persoas menores de idade , as súas familias biolóxicas e as familias acolledoras.
8. Elaborar proxectos destinados a dar alternativas reais como métodos de conciliación efectiva, comunicacións interxeneracionais, espazos comúns, actividades simultáneas, etc.
9. Establecer convenios con Entidades Sociais, Administracións públicas ou privadas, con empresas, ou cooperativas, que sexan de interese para a consecución dos fins anteriormente expostos.
10. Establecer convenios con universidades ou entidades dedicadas á investigación no ámbito Científico Social, tanto para investigar como para pór en práctica os resultados das devanditas investigacións.
11. Calquera outra actividade, que se propoña para acadar o interese superior das persoas menores de idade.

## 4. Xustificación das actividades realizadas

A través do traballo que se desenvolve no seo da Asociación ACOUGO, detéctanse carencias e necesidades que afectan nomeadamente a familias acolledoras, tanto en extensa como en allea, familias de orixe, e por suposto; nenas, nenos e adolescentes institucionalizados/as, para os que unha medida, en principio, temporal, en moitos casos se torna permanente, e pasan toda a súa infancia, ou parte dela e parte da adolescencia (até a maioría de idade), en centros de menores. Ditas carencias responden a numerosas causas entre as que podemos destacar as seguintes:

A ACOUGO acoden persoas con diversas problemáticas na procura de solucións para as dificultades que están a sufrir elas e as súas familias. Por outra banda, a traxectoria formativa e profesional, fai que se teña un coñecemento da situación das crianzas do sistema de protección que están internados/as en centros residenciais. O traballo de campo desenvolto con estas persoas e familias permítenos establecer un diagnóstico das problemáticas e necesidades máis comúns que padecen, entre as que se poden destacar as seguintes:

A difusión da medida de Acollemento familiar, que hai máis de trinta anos se leva a cabo dun xeito similar, non está dando un resultado satisfactorio ( baixo número de familias acolledoras, alto número de menores en espera dunha). Xa que no imaxinario social, é unha medida totalmente descoñecida para a maioría da sociedade, e unha medida confusa, para unha parte da poboación, onde tamén se inclúen Administracións Locais, profesionais no eido de Servizos Sociais, Educación, Sanidade, etc. A pesar de ser a medida máis adecuada e mellor valorada por parte de profesionais, académicos e técnicos, a nivel internacional, e tamén nacional, e así se reflexa nas leis que regulan medidas relativas á Infancia e adolescencia no noso país.

A formación vese restrinxida ás poucas persoas que dan o paso de acoller, e xa teñen certo convencemento por iniciativa propia, de formar parte do "banco de familias acolledoras", ou inquietudes profesionais que levan a indagar se xeito particular ou, en algún caso , como requisito para acceder a un posto de traballo concreto... algo que a día de hoxe, en Galicia, é totalmente anecdótico. De feito na nosa Comunidade, e nas Carreiras Universitarias, relacionadas coa conseguinte especialidade laboral, non hai oferta de formación en materia de protección de menores. E si a hai, hai que sinalar que tamén é residual, en comparación con outros eidos de colectivos de especial atención ou en situación de vulnerabilidade Social.

En canto ao Acollemento xa constituído , a función das administracións e entidades que traballan no sistema de protección de menores con estas persoas, moitas veces, vense limitadas polo volume de traballo, que desborda por completo a todo o Sistema de Protección de Menores.

As familias acolledoras non teñen presenza real como parte deste sistema de protección, e non se visibilizan as súas necesidades e problemáticas, tampouco as súas fortalezas e capacidades para poñelas ao servizo do Sistema de Protección de menores. Se o analizamos friamente, sería normal que isto fose así, e o principal interese das administracións, sobre todo a Pública que é a última responsable destes menores, sexan por riba de todo @s menores. Pero cabe destacar que para que as crianzas estean nas mellores condicións posibles, hai que coidar e acompañar ás familias acolledoras neste proceso. As que xa forman parte do sistema , e as que vendo o trato e o apoio que se brindan a estas familias , se animen a formar parte deste recurso, e non ao contrario. As familias Acolledoras son un grandísimo potencial para dar saída a miles e miles de nen@s que ao longo dos meses, teñen que ser separad@s das súas familias de orixe, e son unha verdadeira preocupación para toda a sociedade, ou debería selo polo que isto supón.

A especificidade das necesidades sinaladas, así como a complementariedade de servizos que ofrece ACOUGO con respecto as Administracións ou outras entidades que conforman o Sistema de Protección de Menores, poñen de manifesto o seu papel innovador e a necesidade social das actuacións realizadas, en relación á inexistencia de recursos suficientes na zona de desenvolvemento da súa actividade. O feito de que administracións locais, entidades prestadoras de servizos sociais , así como de servizos básicos da área da saúde e a educación soliciten a colaboración da nosa Asociación, así o deixan de manifesto.

A perspectiva de xénero con respecto a todas as actuacións, require dun nomeamento especial, por ser un eido maioritariamente feminizado, dende tódalas partes que interveñen en materia de Protección de Menores.

Tanto da perspectiva das familias , onde o rol tradicionalmente desenvolto polas mulleres, é aquel que ten que ver co do coidado, das crianzas, persoas dependentes, etc... cunha carga moito maior para as mulleres que para os homes. E no que ademais nas familias acolledoras , as promotoras e impulsoras para formar parte do programa de acollemento familiar, son as mulleres ( tanto nas familias tradicionais, monomarentais, homosexuais... en calquera formato de familia)

Como da perspectiva no eido profesional, onde hai un elevado porcentaxe de mulleres en profesións como traballo social, educación social, psicoloxía, pedagoxía, etc, que son precisamente a maioría do persoal técnico no sistema de protección de menores.

Estas cuestións que poderían, a día de hoxe, estar superadas por parte do imaxinario social, non o están tanto. E por desgraza segue estendido o de : ...”é cousa de mulleres... “

Este pensamento, algunhas veces, ten connotacións sexistas , e discriminatorias, e dende o punto de vista de ACOUGO, fai un fraco favor ao sistema de Protección, xa que esta medida, ten que transcender ao sentimento ou sensación de que sexa unha medida prioritaria ou simplemente existente...

## 5. Obxectivos das actuacións realizadas

As actuacións que ACOUGO pretende pór en marcha na Comunidade Autónoma de Galicia,nace co obxectivo fundamental de promover actuacións dirixidas á sociedade Galega en xeral, As Administracións Públicas ou Privadas que amosen interese en materia de protección de menores, ás familias de acollida en extensa ou allea, familias biolóxicas e ás crianzas que conforman o Sistema de Protección de Menores da CC.AA.

A continuación descríbense os obxectivos xerais e específicos que se pretenden acadar co desenvolvemento de cada unha das actuacións propostas.




**Actuación 1.** **“ACOUGO ,ESPALLANDO SEMENTE”**

Difusión da medida de acollemento familiar

Xerar conciencia de cultura de acollemento nas catro Provincias de Galicia , achegar a realidade de nenas , nenos e adolescentes que non poden estar coas súas familias, e viven mais ou menos tempo, dependendo do caso, en institucións residenciais. Tamén a realidade das súas familias e das familias acolledoras.

## Actuación 2. "ACOUGO,ORBALLO"

Formación sobre acollemento familiar

Capacitar ás persoas participantes de toda a CC.AA, a través da aprendizaxe en materia de acollemento familiar, a fin de que se poidan manexar de xeito independente e autónomo, aumenten a súa participación social e amplíen as súas expectativas persoais e/ou laborais

Favorecer que o espazo de relacións humanas derivadas da asistencia a clase das persoas participantes, xere interese en materia de protección de menores, e disipe dudas e medos con respecto do acollemento familiar.

Crear actitudes favorables cara a valoración, formación ,capacitación e idoneidade, que imparte Cruz Vermella.

## Actuación 3. "ACOUGO,COLLEITA"

Medidas de acompañamento e mediación coas familias acolledoras : servizo de conciliación familiar

Axudar ás familias acolledoras de toda Galicia a previr e tratar a dificultades derivadas do acollemento familiar, cunha perspectiva de xénero, e nunha postura entre iguais ,tentando acadar maior corresponsabilidade dentro e fora do núcleo de convivencia familiar, facilitando as xestións burocráticas ou de calquera índole, dende a atención dun equipo profesional interdisciplinar.



## 6. Actuacións desenvoltas durante o ano 2023

## DIFUSIÓN E SENSIBILIZACIÓN

Queremos xerar conciencia de cultura de acollemento nas catro Provincias de Galicia , achegar a realidade de nenas , nenos e adolescentes que non poden estar coas súas familias, e viven máis ou menos tempo, dependendo do caso, en institucións residenciais. Tamén a realidade das súas familias e das familias acolledoras.

***- Deseño e impresión do material das actuacións: pomos neste apartado alguns dos diseños realizados para a difusión da información sobre o acollemento.***







¿QUE É O ACOLLEMENTO FAMILIAR?
Medida da Administración Pública para garantir a proteción da infancia e a adolescencia. Ofrecendo un entorno familiar estable a aqueles nenos, nenas e adolescentes que tiveron que ser separados das súas familias de orixe.
Esta é unha alternativa mellor a de o acollemento en centros tutelados.
TOD@ NEN@ MERECE UNHA FAMILIA
... OU DÚAS
ACOUGO, coma entidade que nace da man de familias acolledoras, coñece a existencia das dificultades do acollemento así como a necesidade de darlle aos nenos, nenas e adolescentes un fogar no que podan cubrir as súas necesidades emocionais, fisiolóxicas e psicolóxicas.
Contactos
T. 622.672.188
info@acougo.gal
www.acougo.gal
Acougo
Asociación de familias de acollida
Presentado por
ACOUGO
ACOLLEMENTO FAMILIAR COMO MEDIDA DE PROTECCIÓN
ESTATÍSTICAS 2022
Total de nenos, nenas e adolescentes tutelados: mais de 2500.
Nenos, nenas e adolescentes en acollemento familiar: 1160
Mais de 1500 nenos, nenas e adolescentes en centros residenciais.


¿EN QUÉ CONSISTE O SISTEMA DE PROTECCIÓN?
É unha medida administrativa onde a Xunta de Galicia asume a garda e tutela daqueles nenos, nenas e adolescente que se atopan en situación de risco e que por algunha razón non poden estar coa súa familia de orixe.
MEDIDAS DE PROTECCIÓN
ADOPCIÓN
ACOLLEMENTO RESIDENCIAL
(Popularmente coñecido coma centro de menores)
ACOLLEMENTO FAMILIAR:
FAMILIA EXTENSA.
Membro da familia do neno, nena ou adolescente.
FAMILIA ALLEA.
Familia non coñecida polo neno, nena ou adolescente.
PERMITE A REALIZACIÓN DE VISITAS COA FAMILIA DE ORIXE.
BENEFICIOS DO ACOLLEMENTO
Desenvolvemento psicolóxico nun entorno seguro.
Sentemento de pertenza
Necesidades básicas e educativas cubertas.
Referentes familares.
Desenvolvemento de valores de convivencia, toletancia e respeto.
Evitar a institucionalización.
PERSOAS OU FAMILIAS ACOLLEDORAS
Persoas maiores de 25 anos que deben pasar un proceso de idoneidade e sentirse capaces e dispostas a ofrecer aos nenos, nenas e adolescentes un ambiente no que crecer e desenvolver as súas capacidades, recibindo cariño e respeto.
TIPOS DE ACOLLEMENTO
En función da súa duración e obxectivos, o acollemento presenta as seguintes formas:
ACOLLEMENTO DE EMERXENCIA.
Para nenos e nenas menores de seis anos. Non terá unha duración de máis de seis meses. Durará o que se tarde en decidir a medida de protección adecuada.
ACOLLEMENTO TEMPORAL.
Non terá unha duración maior a dous anos. Pode darse a reintegración do neno, nena ou adolescente á familia de orixe ou a aparición dunha medida de protección mais estable.
ACOLLEMENTO FAMILIAR PERMANENTE.
É unha medida que proporciona estabilidade xa que ten unha duración indeterminada. Esta medida dase cando non hai unha posible reintegración coa súa familia biolóxica nun medio-largo plazo.


STAND INFORMATIVO SOLIDARIO
NO MERCADO DE PADRÓN
DOMINGOS: 3 e 17 de decembro
INFORMACIÓN SOBRE:
-Acollemento familiar
-Proxectos de Acougo
-Voluntariado
TEREMOS:
-Merchandising
-oxogodeacougo
e moito mais...

- Proxección do documental:

En canto a o documental pretende ofrecer unha visión realista do acollemento, reducindo os medos que existen con respecto a este tipo de familias e reclamando o respecto dos dereitos fundamentais do menor. Nel podemos visionar entrevistas a familias acolledoras e de orixe que contan, en primeira persoa, como se articulan as súas familias, como é o seu presente e como ven o seu futuro, que significa a medida do acollemento familiar para eles/as, se hai que ter algunha característica especial para ofrecerlle un fogar a un ou unha menor que se atope dentro do sistema de protección e como se favorece a relación das e dos menores coas súas orixes. Familias construídas para dar acollida a nenos e nenas que precisan, como todos nós, medrar en familia e manter as súas orixes.

Están dispoñibles na nosa canle de Youtube, ACOUGO GALICIA, ou premendo nos seguintes enlaces:

O ACOLLEMENTO FAMILIAR É VERSATILIDADE

O ACOLLEMENTO FAMILIAR É PROTECCIÓN

O documental presentouse o día 01 de xuño de 2023 con motivo do día internacional do Acollemento Familiar e tivo eco en numerosos medios de comunicación:






- ***Presentación nos concellos de Galiza da Asociacións e o seu proxecto e Charlas informativas sobre o acollemento familiar*.**

Un punto moi importante para nós é presentarnos en todos os concellos da provincia, coa finalidade de que coñezan o noso traballo en prol das nenos, nenas e adolescentes que se atopan no sistema de protección; e sobre todo, brindarlles atención, apoio e acompañamento ás familias acolledoras. . Todas as actividades que ofrecemos aos concellos fanse de forma gratuíta, algo moi interesante para eles , aínda que non por isto, a concertación de cada encontro faise moi lenta.

Algúns dos concellos visitados foron, e onde dimos charlas sobre o acollemento:

* Padrón ( 24/01) * Rábade ( 03/02) * Boimorto ( 07/03) * Cerceda ( 21/03)

* Vimianzo ( 28/03) * Ames (29/03) * Santiago (23/10) * Padrón ( 22/09)

* Ourense ( 30/09) * Santa Comba ( 26/10) * Ames (31/10) * A Laracha ( 03/11)



## *- Divulgación do acollemento familiar na web, Youtube e redes sociais*

Co cambiante que vai ou mundo, ACOUGO , non podia quedar atras en canto as redes sociais refirese. Temos un persoal profesional e cualificado que expon todoas a activades e traballos que facemos na asociacion, tratando de chegar ao maior números de persoas, e sobre todo dás familias acolledoras, coa finalidade que coñezan as oportunidades que teñen, vos novos programas e calquer información que poida ser do interese de todas elas.

***WEB:*** https://acougo.gal/

***YOUTUBE:*** ACOUGO GALICIA. https://www.youtube.com/@acougogalicia

***FACEBOOK.*** https://www.facebook.com/acougo.acougo.3

***INSTAGRAM.*** https://www.instagram.com/acougo.gal/

Dous cales habemos obtido vos seguintes datos:

**WEB:** Usuarios anteriores 3100

Novos usuarios: 100

Nº de visitas : 45000

**INSTAGRAM**: 2278 interaccions

1651 seguidores

642 Publicacions (historias, Reels, Post)

4759 Visualizacions dos nosos videos

**ALCANCE DE CONCELLOS: ( con la plataforma Instagram)**

| | |
|---|---|
| Santiago | 10,58% |
| A Coruña | 9,31% |
| Madrid | 7,42% |
| Vigo G, | 5,93% |
| Ames G | 3,41% |
| Ourense | 2,22% |
| Lugo | 1,94% |
| Oleiros | 1,94% |
| Pontevedra | 1,58% |
| Teo | 1,11% |
| Padrón | 1,16% |
| Noia | 1,5% |
| Ferrol | 1,22% |
| Resto | 50,68% |

## *- Participación nos diferentes medios de comunicación social:*

Falar e explicar todo sobre ou acollemento familiar, xa non pode quedar só a nivel presencial, en ACOUGO queremos ir por maís, e para conseguir isto, visitamos as televisoras rexionais e diferentes emisoras de radio que se viron interesadas en escoitarnos. Tamen, habemos posto a disposición dous xornais, artigos de opinión sobre o acollemento emitidos polos nosos profesionais e a vez, habemos tido un canal de contidos bakc moi importante dás institucions, personalidades e ata dás autoridades dá provincia.

A parte dos xa indicados noutros apartados da memoria, ACOUGO fíxose presente en moitos medios de comunicación oral e escrita durante o ano 2023:

**TVG**

* Programa A Revista, sección QUEN ANDA AHÍ, con Roberto Vilar, para falar e comentar sobre o Dia do Pijama, e do Acollemento Familiar. 31/05/2023
* Grabación de Programa sobre LEGO e su aplicación ao servizo das familias de acollida. 31/05/2023

**RADIO**

* Entrevista con Deza, en Radio Voz, 15/03/2023
* Un café con Eva, en Radio Voz, 20/03/2023
* Voces de Bergantiños, en Radio Voz,30/07/2023
* Podt Cast "Mais alá da aula" , participación de Acougo para dar a coñecer o acollemento familiar e o sistema de protección. 20/09/2023
* Entrevista Radio Galega, sobre voluntariado e intervención familiar. 25/11/2023.

**YOUTUBE**

* Entervista a Carmen Dourado por parte do Instituto Da Familia de Ourense, no programa " A Aventura da acoller". 31/07/2023







Acougo
Acougo
Qué facemos?
Actividades
Colabora
Contacto
ACOUGO
Asociación galega de familias de acollida


Acougo Acougo
13 sept.
Primeiros días de cole, unha época do ano que supón para as crianzas e as familias... Ver más
16
2 comentarios · 4 veces compartido
Me gusta
Comentar
Compartir


Acougo
Entrevista na radio Radio Voz
Voces de Bergantiños
Ver insights
acougo.gal
ENTREVISTA NA RADIO!!! ...

## - *Actividades de sensibilización*:

chegar á pobloación e lograr que quede en eles unha inquietude sobre ou acollemento e un norte que perseguimos con moita ilusion pero tamen con moita perseveranza. Dia con dia pensamos en que seria bo , ou de que maneira podiamos chegar a grandes e pequenos, de forma que podan abrir vos ollos fronte a todas as necesidades que ten vos nenos, meniñas e adolescentes do sistema de protección. Non basta con saber que estan, hai que profundar mais e ver ou que necesitan : " ter unha familia, crecer en familia". A través da realización de Espectáculos musicáis, teatros infantís, clubs de lectura, xogos en festas, exposicións itinerantes , xornadas e participacións en eventos con outras entidades, fomos logrando a sensibilización da ciudadania.

Tivemos durante o ano a obra "***FOGAR DE CORES":*** é un conto musicado interpretado por Iolanda Eiras no que a través da naracción, da música e da posta en escena ensinaos diferentes tipos de familias da sociedade actual, entre elas a importante e pouco visibilizada, a familia acolledora. Despois do conto, farase unha charla sobre o acollemento familiar cos adultos mentres os nenos farán unha actividade cos monitores.

As presentacións foron realizadas en:

| CIUDAD | DATA | ASITENTES |
|---|---|---|
| ROIS | 29/04/2023 | 40 FAMILIAS |
| VALGA | 22/09/2023 | 25 FAMILIAS |
| PADRÓN | 22/09/2023 | 40 FAMILIAS |
| CEIP A GANDARA | 22/09/2023 | 82 PARTICIPANTES |
| OURENSE | 30/09/2023 | 30 FAMILIAS |
| NARON - FERROL | 07/10/2023 | 28 FAMILIAS |
| CIUDAD DE LA CULTURA | 28/10/2023 | 20 FAMILIAS |
| ALLARIZ | 18/11/2023 | 60 FAMILIAS |
| VILALBA | 16/11/2023 | 39 FAMILIAS |






Aproveitamos ou verán para ir as festas e por unha caseta non só para informar , se non tamén , para proporcionar de maneira lúdica información sobre as estatísticas que se manexan en Galicia sobre o acollemento e a cantidade de infantes e mozos que viven dentro do sistema, con "***0 XOGO DE ACOUGO***"

| LUGAR | DATA | AVALIACIONS |
|---|---|---|
| PARQUE AS GALERAS - SANTIAGO | 15/07/2023 | 6 |
| MONTE DO GOZO - SANTIAGO | 16/07/2023 | 10 |
| CONCELLO DE TOURO | 30/07/2023 | 8 |
| CONCELLO DE A LARACHA | 17/08/2023 | 6 |
| BANDEIRA - SILLEDA | 19/08/2023 | - |
| IKEA - CORUÑA | 30/08/2023 | 7 |
| SAN TIRSO DE CORNADO | 01/09/2023 | - |
| PLAZA OBELISCO - CORUÑA | 18/12/2023 | - |

Fómonos tamén as grandes superficies e colocamos a nosa "***EXPOSICIÓN ITINERANTE "***, coa finalidade de chamar atención da xente e que se achegaran a preguntar de que iba a mesma.


Acougo
Colabora
info@acougo.gal
616 136 605
Quen somos
Acougo
Formación sobre
acollemento familiar
Acougo
Colabora
info@acougo.gal
616 136 605
Qué facemos?
Acougo
Día do pixama





Durante ou ano 2023 iniciamos diferentes campañas solidarias a favor de ACOUGO. Vos obxectivos principais eran difundir ou acollemento familiar e recadar fondos para a realización dúas nosos programas, e tamen coloboramos con outras institucions relacionadas con oso traballo:

**** Coctel Beneficio Fundación NARU, III edición, 17/08/2023.***

**** Caseta solidaria de ACOUGO, en Santiso de Coroado, 01/11/2023***

**** Coctel solidario a beneficio de ACOUGO, no Club Empresarios Nordes de Coruña,***

***Presentación de próxima poxa. 01/12/2023 .***

**** Caseta solidaria de Acougo, Praza o Obelisco, A Coruña, do 18 ao 23/12/2023.***











***- Concurso de postais do nadal:*** pediuse aos nenos e nenas fixesen unha postal do Nadal, relacionada co acollemento familiar para coñecer que saben ou que impresión teñen sobre o tema; fixose con nenos e nenas de primaria.











***- Dia Mundial do acollemento***:

Cada 31 de maio conmemoramos o día mundial do acollemento familiar. Recordamos que , en España, máis de 40000 crianzas atópanse baixo algunha medida de protección. Entre elas, preto de 17000 están a medrar en centros residenciais, das cales 1177 son menores de 6 anos.

En Galiza os números no son millores xa que os nenos, nenas, e adolescentes tutelados ascienden a 2500; en acollemento familiar 1160 y en centros residenciais 1500.

O acollemento familiar representa unha alternativa vital para que pidan medrar nun ambiente familiar que lles brinde atención, coidado e acompañamento durante o tempo que precisen.

- Concurso de postais do Nadal: pediuse aos nenos e nenas fixesen unha postal do Nadal, relacionada co acollemento familiar para coñecer que saben ou que impresión teñen sobre o tema; #realizar con nenos  e meniñas de primaria.

Para celebrar este día y dar información sobre el Acogimiento Familiar se proyecto el Documental de Acougo, 01/06/2023.

***- Día do Pixama nos centros escolares***

Como cada ano, a Asociación Estatal de Acollemento Familiar ASEAF, convida a participar nesta iniciativa a toda a comunidade educativa. Para conmemorar o día dos dereitos da Infancia e Adolescencia, 20 de novembro, propoñen que vaiamos en pixama ao cole!! É para representar o momento da intimidade familiar da hora de ir a durmir, nun fogar calquera. Con esta iniciativa preténdese facer énfase na importancia do Acollemento Familiar para garantir o dereito de vivir en familia dos nenos, nenas e adolescentes… que os que viven en centros non o teñen cumprido.

Para esta actividade enviouse información e solicitude para realizar actividades con eles a 800 colexios, dos cales 87 uníronse á celebración deste dia, e 12 visitáronse e realizáronse diferentes actividades relacionadas co día do pixama, pero tamén co día do acollemento.

Os centros participantes na nosa comunidade foron os seguintes:

| EN UNIDADES EDUCATIVAS | |
|---|---|
| DIA DEL PIJAMA | CEIP Armenteira de Meis |
| COLEGIOS VISITADOS | IES Felix Manuel en Rianxo |
| | CIFP Compostela |
| | Colegio Divino Maestro |
| | Colegio La Salle Santiago |
| | CEIP A Gandara |
| | Virxe do Remedios |
| | CRA de Reis |
| | CEIP Ventin |
| | Colegio Portofaro |
| | CEIP Juana de Vega |
| | Colegio Rosalia de Castro |
| | A Galiña Azul ,Sada |
| | Escola Infantil O Parque |
| | CPR Casa do Neno |
| | CPR Plurilingüe La Milagrosa |
| | Colegio Crea Natura - Sta Apolonia |
| | CEIP FLavia (PADRÓN) A CORUÑA |



## DIA DO PIXAMA



## DIA MUNDIAL DO ACOLLEMENTO





## FORMACIÓN SOBRE PROTECCION A INFANCIA E O ACOLLEMENTO FAMILIAR

Queremos formar ás persoas de toda a comunidade galega en materia de acollemento familiar e protección da infancia, no grao e nivel de especialización en función dos intereses de cada un. A participación nas diferentes formacións xere interese en materia de protección de menores e disipe dúbidas e medos con respecto do acollemento familiar.

### *- Planificación e deseño da formación*

#### *- Formación a alumnado de ensinanzas obrigatorias, ciclos de formación profesionais, universitario e post- grado.*

Dende o programa "Acollendo o acollemento familiar", ACOUGO fomenta a formación nos centros educativos para chegar realidade das crianzas en desprotección, tanto aos compañeiros/as de aula como ao profesorado.

| CHARLA INFORMATIVA EN CETROS ESCOLARES EN MATERIA DE ACOLLEMENTO FAMILIAR |
|---|
| **OBXECTIVOS** |
| Profundizar sobre ó acollemento familiar para ampliar ás crenzas sociais da sociedade e romper mitos e lendas o respecto.<br>Dar a coñecer as diferentes modalidades de acollemento e presentar iniciativas innovadoras neste eido. |
| **CONTIDOS** |
| - Conceptos teóricos e organigrama que permitan entender o marco do sistema de protección á infancia e adolescencia<br><br>- Características do acollemento familiar<br><br>- Multidimensionalidade dende unha aproximación emocional |
| **DURACIÓN** |
| 2 horas |
| **LUGAR E DATAS** |
| Centros escolares de toda Galicia |
| **METEDOLOXÍA** |
| Utilizarase unha metodoloxía activa e participativa, utilizando dinámicas e co protagonismo das persoas participantes Adaptación e flexibilidade en función do número de persoas asistentes e características e idade das mesmas. |

Dende ACOUGO fomentamos a formación nos centros educativos para achegar a realidade das crianzas en desprotección, tanto aos compañeiros/as de aula como ao profesorado. Para isto realizáronse as seguintes actividades:

* **Charlas informativas** de acordo ás idades das crianzas

  * CEIF Compostela . 17/01/2023

  * Felix Muriel, Rianxo, 30/03/2023

  * Colexio Divino Maestro, 04/05/2023

* EEI San Roque, 08/11/2023.

* EFA Arzua, 07/11/2023

* CEIP A Gandara, 07/11/2023

* CPI Virxe dos Remedios, Ourense, 17/11/2023

* Juana de Vega, Oleiros, 20/11/2023

* Julia Becerra, Ribadumia, 26/11/2023

De igual modo, realizáronse varias formacións a futuros profesionais do eido do social e educativo:

* **Charla Formativa** para Pais, Nais, e profesores (as), no CEIP A Gandara,07/11/2023.



* **Vídeo Forum:** Formación para futuros profesionais en FP educación Infantil no Instituto EFA Piñeiral, 07/11/2023.

GUIÓN DA FORMACIÓN

1. Análise de leis que afectan ao acollemento familiar

1.1 Lei 13/2008 do 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia

1.2 Lei 13/2011 do 30 de xuño de apoio á familia e convivencia de Galicia

1.3 Lei 26/2015, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.

1.4 Lei 8/2021 de protección integral á infancia e adolescencia fronte a Violencia.

2.Presentación do sistema de protección de menores: como funciona o sistema de protección? Que sistemas interveñen? Que entidades traballan dentro do sistema de protección? Labores e contactos.

3. Emocións e necesidades concretas dos diferentes sistemas que interveñen no acollemento familiar:

3.1 Crianzas acollidas

3.2 Familias de orixe

3.3 Familias de acollida

3.4 Profesionais

4. Como profesionais: como nos afectan as decisións que temos que tomar respecto as familias de orixe? Dende servizos sociais, que podemos mellorar na nosa praxis respecto ao acollemento familiar? Que apoios ou recursos precisaríamos para provocar esta mellora? Pode axudarvos ACOUGO nesta labor?

5. Avaliación da xornada




* **Formación de Estudantes en Practicas** na nosa asociación:

TAREFAS A REALIZAR PARA COMEZAR PRÁCTICAS

1.-CREAR UN DOCUMENTO PARA REXISTRO (TEMPO E DEDICACIÓN)

2.-INMERSIÓN EN ACOUGO

Visualizar a web, redes sociais e canle de Youtube de ACOUGO

Ler os artigos de prensa, escoitar as entrevistas de radio, ver o documental de AGARESO E o de TVG.

Ler as memorias dos anos 2021 e 2022

Facer un resumo con todo isto: que é para ti ACOUGO?, que é ao teu modo de ver o máis importante

que fai ACOUGO?, que descoñecía?, que me chamou máis a atención?, que dúbidas xórdenme?, que cousas melloraría?, que cousas gustáronme máis?….. (e calquera outra suxestión, achega, idea, …)

Hai que elaborar un documento con todo isto. Tómache o teu tempo, toma notas do que vas vendo e lendo. Fai unha boa análise

3.-PRESENTACIÓN DE ACOUGO Á miña MANEIRA

Facer unha presentación para os teus compañeiros e profesores sobre o que é ACOUGO e o que fai.

Podes coller imaxes e vídeos da web e as redes ou buscar outras que crea que reflicten mellor o que se fai.

4.-QUE PODO FACER EU EN ACOUGO.

Quen es?: as túas calidades, os teus gustos, as túas habilidades, as túas afeccións, as túas experiencias, o que che move,....

Por que escolliches a túa carreira e que che gusta da túa formación?

Fai unha proposta do que podes achegar desde a túa formación e habilidades persoais á asociación; un proxecto con xustificación, obxectivos, actividades a desenvolver, temporalización (no teu tempo de prácticas), recursos e avaliación.

Entregar dous documentos: a análise de ti e da túa formación e o proxecto do que podes facer en ACOUGO




## *- Formación a persoal técnico das administracións públicas*

Durante o ano 2023 realizouse en:

* Formacion Diputacion de Ourense ,16/10 al 09/11/ 2023

Esta acción formativa para equipos profesionais foi deseñada para impartir os seguintes contidos:

- Datos dos menores no sistema de protección de menores de Galicia.
- Que é Acougo? Como funcionamos?
- Sistema de protección, onde estamos?
- Axentes de referencia no acollemento familiar
- Patria postestade, tutela e garda
- Dereitos e deberes de familias de acollida, crianzas e familias biolóxicas
- Entidades que interveñen na medida do acollemento familiar.
- Tipos de acollemento

- Recurso de apoio para a familia biolóxica
- Apoio integral ao acollemento para familias de acollida
- Crianzas na medida de acollemento familiar
- O acollemento familiar en 5 pasos.
- Que podes facer polo acollemento familiar dende o teu posto de traballo

## *- Formación a profesionais do eido social e educativo*

Impartíronse igualmente formacións nos seguintes organismos:

* CEESG (Colexio de Educación social de Galicia). 29/05/2023.




## *- Formación a familias*

Consideramos moi importante ofrecer formación as familias acolledoras con diferentes temáticas que nos demanden. Tivemos un Taller – formación : **Programa de traballo do vínculo nas familias a través da metodoloxía LEGO.** Iste taller persegiu os siguientes obxetivos:

- Facilitar o recoñecemento e expresión emocional das familias
- Adquirir novas ferramentas para a comunicación coa infancia e adolescencia acollida, ou fillos e fillas propias ou adoptadas.
- Xerar novos puntos de vista e ampliar posibilidades para a resolución de problemas nas familias.
- Xeneralizar o aprendizaxe ao seu contexto familiar

Respecto á metodoloxía: A metodoloxia Lego é unha técnica que mellora a resolución de problemas en grupo. Mediante a utilización de habilidades visuales, auditivas e cinestésicas se exploran as relacions e conexiones entre as persoas e o seu mundo, se observar a dinámica, tanto interna como externa, e se exploran varios escenarios hipotéticos para a toma de conciencia de todas as posibilidades.

Cada participante construye o seu propio modelo 3D LEGO en resposta as preguntas do facilitador, utilizando elementos LEGO especialmente seleccionados.

E un proceso de encontro, comunicación e resolución de problemas no que os participantes son guiados a través dunha serie de preguntas para conectar a construcción con pezas de lego co mundo interno e emocional dos participantes e a discusión en grupo.

***- CURSO SOBRE DE PARENTALIDADE POSITIVA PARA HOMES***

Dende o ano pasado iniciamos en ACOUGO un compromiso coa formación en corresponsabilidade para homes. Aproveitamos os recursos traballados e puxémonos aelaborar uns novos para ofrecer a todos os homes de familias acolledoras e a calqueraoutra persoa que quixeses formarse.

Un dos obxectivos era animar á implicación na crianza, potenciala, reforzala, dotando de ferramentas prácticas para favorecer momentos de conciliación agradables e construtivos.

O 29 de outrubro, aproveitando a Xornada de Corresponsabilidade "Outros Modelos", lanzouse nas redes.
O temario inicial ofertado pretende ser unha introducción ás ferramentas para unha boa crianza coa intención de ir engadindo contidos no ano 2024.
Xa hai inscritas 16 persoas.




- ***Formación interna de ACOUGO***

A parte das reunións semanais de equipo, onde compartimos información sobre as diferentes formacións e aprendizaxes que realizados de xeito individualizado, para fomentar a reciclaxe profesional grupal no eido do acollemento familia, ACOUGO levou a cabo diferentes formacións internas:

* **Formación Cimega:** Formación para desarrollar principios de mediación entre familias de origen y familias acogedoras; logrando objetivos por medio de la presentación de un caso práctico.



* **Estrategia Estatal de derechos de la infancia y adolescencia (2023- 2030):** Días de trabajo, explosión de ideas,y compartir en busca del bienestar de familias, infancia y adolescencia.




* **Formación continuada** interna anual sobre dixitalización, deseño, redes sociais e márketing

* **Cursos de Formación ALBORADA**, recibidos por persoal de ACOUGO:




> Análise da escritura e test proyectivos. 08 de setembro de 2023.

> Intervención nos procesos de duelo. 29 de setembro de 2023.

> Informe sobre menores: cuestiones legales, éticas y técnicas.

> El proceso de transición en personas trans; aspectos medios,

y componentes psicológicos.










> El interés superior del menor.
> técnicas de intervención ante situaciones de conflicto (con o sin riesgo físico)

>Entendiendo las adicciones.

> Posibilidades y desafíos de la protección infantil a través de la adopción.

> Maltrato prenatal.

> Aprender a entender las defensas psicológicas como protección y no como resistencia.

* **Congreso de MANAIA sobre Adopción e Acollemento.** 29 y 30 de setembro.

* **Formación continuada interna sobre o acollemento familiar**

* **Formación da Cruz Vermella** . el 30 de septembro de 2023

* **Programa vixiantes de axuda**.

* **III Congreso Nacional de ASEAF** (ASOCIACION ESTATAL FAMILIAS DE ACOGIDA).

* **Xornada conciliación plataforma infancia.** Celebrada en Madrid o 10 de outubro.

* **Formación xornada de Igualdade:** Novas masculinidades: o 16 de novembro.

* **Formación sobre cadro de mando integral e xestión de indicadores no terceiro sector e introducción a xestión de porxectos no terceiro sector**:

unha dobre quenda de formación levou a cabo na cidade de Santiago de Compostela; organizada pola POIG ( Plataforma de Infancia de Galicia) , o 30 de novembro.

* **Curso estratexias persoais para a xestion das emocions**: do 20 de novembro ao 22 de decembro, pola da plataforma voluntariadogalego.org. iste curso pretende favorecer o desenvolvemnto de estratexias persoais para a xestion emocional.

* **Curso : Traballar coa mocidade: intelixencia emocional e xestion de conflictos,** Do 20 de novembro ao 21 de decedmbro, pola plataforma voluntariadogalego.org. iste curso pretende favorecer a creación de ferramentas en intelixencia emocional para a promoción do bo trato y xestion de conflictos.










## *- Formación do voluntariado.*

Seu obxectivo é a integración e acollida da persoa voluntaria pero tamén a transmisión de habilidades e valores necesarios para o traballo na entidade. É de dous tipos: Formación inicial: formación básica para coñecer o traballo que desenvolve Acougo, as diferentes normativas e procedementos internos. A persoa voluntaria pode participar na sesión de información por concellos (no concello mais próximo ao seu domicilio). Formación específica e continua: sobre temas relacionados co acollemento familiar e que serán de utilidade para o desenvolvemento da súa labor como persoa voluntaria

. Realizamos 3 formacións durante o ano 2023. As temáticas tratadas foron as seguintes: Obxectivos xerais: • Identificar situacións que se poden dar nas familias de orixe e acollida e traballar a empatía.

• Coñecer o sistema de Protección de Menores en España, sensibilizar ao voluntariado sobre as necesidades dos nenos, nenas e adolescentes do sistema de Protección, as familias biolóxicas e familias acolledoras de Galicia. Obxectivos específicos:

• Coñecer a estrutura básica do Sistema de Protección de Menores en España e Galicia

. • Recoñecer o abano de supostos que se poden dar na retirada ou abandono voluntario de menores. • Comprender a importancia de que as crianzas creen vínculo coas persoas voluntarias.

• Coñecer a terminoloxía básica en materia de Protección: Acollemento residencial e familiar en allea ou extensa, tipos de acollemento...

• Traballar na xestión de conflitos

• Promover o traballo en equipo

• Aprender a organizar actividades infantiles e xuvenís adaptadas ás necesidades e gustos das crianzas. Nestas sesións traballamos: Unidade 1: Presentación de Acougo. Unidade 2: Sistema de protección de menores. Unidade 3: Acollemento residencial e familiar en allea ou extensa, tipos de acollemento. Unidade 4: necesidades específicas das crianzas do Sistema de Protección de Menores. Unidade 5: Técnicas de resolución de conflitos Unidade 6: Técnicas de creación de vínculo Unidade 7: Importancia da relación coa familia de orixe. Unidade 8: Organización de actividades de tempo libre.



## - FORMACIÓN EN CORRESPONSABILIDADE E IGUALDADE PARA O VOLUNTARIADO DE ACOUGO.

Incluímos na formación do voluntariado, especialmente aquelas personas que participaron nas actividades de conciliación como campamentos e respiros, formación específica en igualdade e corresponsabilidade.
Resulta esencial que o voluntariado que está cercano a nenos e nenas do sistema de protección á infancia estea formado nesta materia porque axuda garantir que los se trate a todas as crianza de xeito xusto e sen prexuizos, creando un entorno seguro e acolledor. Ademáis, promóvese a sensibilidade cara as experiencias e necesidades que manifestan a este respecto, permitindo unha atención personalizada e respectuosa. Todo en contribución dun desenvolvemento saudable e positivo destes nenos e nenas de especial protección.



## SERVIZO DE APOIO INTEGRAL AO ACOLLEMENTO

Dende ACOUGO ofrecemos apoio a todos os axentes involucrados no acollemento familiar:

- ás familias acolledoras que están no inicio, desenvolvemento ou despedida do proceso de acollemento.
- as familias que están á espera de emprender a viaxe do acollemento familiar.
- aos NNA do sistema de protección, tanto en acollemento familiar como en acollemento residencial.
- ás familias de orixe.

### *- Asesoramento, información en materia da protección da infancia e medidas da mesma. Mediación nas xestións coas administracións públicas e/ou entidades colaboradoras.*

As distintas e diversas situacións que se poden dar derivadas dun acollemento poden provocar realidades, que non se contemplaron na formación previa ou de idoneidade propiamente dita. Isto pode xerar unha parálise na dinámica familiar da familia acolledora, que provoque certas inseguridades.

As familias de orixe tamén teñen dúbidas e preguntas por aclarar e, moitas veces, solicitan acompañamento.

Respecto ao ano 2023 as intervencións realizadas neste senso foron as seguintes:

| ESTADISTICAS ANUALES ACOUGO | |
|---|---|
| INTERVENCIONES | |
| POR TIPO DE FAMILIA | |
| | |
| INTERESADA EN EL ACOGIMIENTO | 77 |
| | |
| FAMILIA DE ORIGEN | 79 |
| | |
| ACOG EN AJENA | 100 |
| | |
| ACOG EN EXTENSA | 178 |
| | |
| ESPECIAL VINCULACION | 64 |
| | |
| PROCESO DE EVALUACION | 25 |
| | |
| VOLUNTARIADO REFERENTE | 4 |
| | |
| SOLICITUD DE INFORMACION | 202 |

| POR TIPO DE DEMANDA | |
|---|---|
| | |
| TRAMITES ADMINISTRATIVOS | 183 |
| | |
| ACOMPAÑAMIENTO | 122 |
| | |
| ATENCION PSICOLOGICA | 43 |
| | |
| ORIENTACION FAMILIAR | 120 |
| | |
| INFORMACION | 261 |

| INTERVENCIONES POR CONCELLOS | |
|---|---|
| | |
| SANTIAGO | 171 |
| CORUÑA | 84 |
| MIÑO | 44 |
| VIGO | 36 |
| MELIDE | 27 |
| MILLADOIRO | 26 |
| PADRON | 20 |
| AMES | 15 |
| OURENSE | 14 |
| SADA | 14 |
| PONTEVEDRA | 12 |
| PORRIÑO | 12 |
| EN OTROS CONCELLOS (> 10) | |
| CAMBRE, FISTERRA, MONFERO, LUGO | |
| MADRID, RIBEIRA, OLEIROS,NOIA | |
| ALLARIZ, NARON, FERROL, VILABOA | |
| RAINXO,ARZUA, ORDENES, MOS, ARES | |
| A GOLADA, VILAGARCIA, TEO, OUTES | |
| BOQUIEXON, BOIMORTO, BETANZOS | |
| VIMIAMZO, SSTA COMBA, MALPICA | |
| CEE. | 254 |
| TOTAL POR CONCELLOS | 729 |

*- ASESORAMENTO E ORIENTACIÓN A PROFESIONAIS QUE TRABALLAN CON NNA DO SISTEMA DE PROTECCIÓN: 151 intervencións.*






## *- Apoio terapéutico e intervención social con familias e crianzas en acollemento familiar.*

O proceso de acollemento familiar é un reto. Os nenos e nenas viviron historias dolorosas e o seu sufrimento tradúcese en comportamentos que, en ocasións, son complexos de entender e manexar e, ás veces, non sabemos xestionar ou nos sentimos desbordadas…

Cando falamos de acollemento familiar, falamos dun proceso de axuste e reaxuste constante como pasa en calquera familia, pero no acollemento familiar este proceso pode ser moi diferente ó que coñecemos.

O acollemento familiar supón unha nova convivencia, un novo espazo de intimidade e vida cotiá onde tamén xorden os medos e as pautas educativas recibidas ata entón. Unha nova etapa onde poden cambalear moitas estruturas que xa estaban moi asentadas.

É na familia onde os nenos e nenas comezan a aprender a relacionarse, a expresarse, regularse e a construír a imaxe de quenes son eles, elas e de cómo é o mundo

O acollemento familiar tamén é un acollemento emocional que precisa dun vínculo afectivo que aporte a base de seguridade e confianza que precisa un neno ou nena para medrar. Cómo construír ese vínculo cando os nenos e nenas teñen tantos medos? Cómo entender a importancia do vinculo reparador do acollemento?

Prepararse e preparar os nenos e nenas para a volta coa súa familia, unha nova transición que ten que ser coidada e mimada como se merece.

A mirada da infancia non é a mesma que a da adolescencia e cada crianza "é ela e as súas circunstancias". Cómo acompañal@s e apoial@s na elaboración da súa historia de vida.

Para o logro de todo o anterior, puxemos en práctica os seguintes métodos terapéuticos:

* **Atención emocional a NNA del sistema de protección de infancia y adolescencia y a sus familias, biológicas o de acogida, utilizando la metodología Lego Serious Play:**

**Ten por obxectivo esta metodoloxía axudarlles a tomar conciencia das súas propias necesidades e proxectar como axilizar as redes para conseguir con éxito as súas necesidades de autocoidado, así como detectar como lles afecta emocionalmente e como xestionalo.**





## - *Visita entre Irmáns*

Segundo a lei 3/2011, de 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, as persoas menores de idade teñen dereito a conservar os vínculo safectivos cos seus irmáns e irmás e, a tal fin, a administración da Xunta de Galicia procurará que todos eles sexan acollidos ou adoptados por unha mesma persoa ou familia e, en caso de separación, tratará de facilitar a relación entre eles e elas.

A realidade é que existen moitas situacións de nenos, nenas e adolescentes que conviven en diferentes familias ou centros residenciais supoñéndolles unha gran dificultade ás

familias acolledoras realizar eses contactos entre familiares coa frecuencia óptima e en lugares axeitados.

Grazas ao Plan Corresponsables foron posibles estos encontros enriquecedores, coa finalidade de facilitar ás familias acolledoras de irmáns que conviven en fogares diferentes o poder aliviar a carga de conciliación engadida, ao mesmo tempo que seguir mantendo o contacto entre as crianzas e crear vínculos que lles permitan seguir medrando como familia.





CRIANZAS E ADOLESCENTES atendidos/as
no programa ENCONTROS ENTRE IRMÁS E IRMÁNS

ACOUGO

| FECHA | LUGAR | | DE 4 A 6 | DE 7 A 9 | DE 10 A 12 |
|---|---|---|---|---|---|
| 22 de abril | Ames | grupo 1 | H:2 | | |
| 28 de abril | Santiago | grupo 2 | M: 1 H:1 | M:2 | M:2 |
| 13 de maio | Santiago | grupo 1 | H:2 | | |
| 26 de maio | Santiago | grupo 2 | M: 1 H:1 | M:2 | M:2 |
| 4 de xuño | A Coruña | grupo 3 | M:1 | H:2 | M:1 |
| 10 de xuño | Santiago | grupo 1 | H:2 | | |
| 22 de xuño | Santiago | grupo 2 | M: 1 H:1 | M:2 | M:2 |
| 29 de xuño | Santiago | grupo 1 | H:2 | | |
| 2 de xullo | A Coruña | grupo 3 | M:1 | H:2 | M:1 |
| 13 de outubro | Santiago | grupo 2 | M: 1 H:1 | M:2 | M:2 |
| 14 de outubro | Santiago | grupo 1 | H:2 | | |
| 28 de outubro | Santiago | grupo 1 | H:2 | | |
| 5 de novembro | A Coruña | grupo 3 | M:1 | H:2 | M:1 |
| 11 de novembro | Santiago | grupo 1 | H:2 | | |
| 25 de novembro | Santiago | grupo 1 | H:2 | | |
| 25 de novembro | Vilanova de Arousa | grupo 2 | M: 1 H:1 | M:2 | M:2 |
| | | | | | |
| TOTAL | | | M:8 H:21 | M:10 H:6 | M:13 |

tod@ nen@ merece unha familia... ou días

## - *Actividades de conciliación familiar*

As actividades de conciliacións  teñen por obxetivo favorecer a conciliación familiar das familias acolledoras de Galicia mediante servizos
de canguraxe, estadías de fin de semana e campamentos.
- Aliviar a carga de coidados das familias de acollida.
- Realizar visitas de irmáns e irmás que viven en diversos domicilios, permitindo eses momentos de respiro as familias acolledoras para atender outras labores.
- Facilitar ás familias de acollida servizos de atención temporal para realizacións de outras actividades de Acougo (como formacións, xornadas de sensibilización, etc).

### - *CANGURAXE:*




É unha bolsa de horas de conciliación ao que poden acceder as familias de acollida de Galicia permitíndolles conciliar a vida persoal, laboral e familiar.
Debemos pensar que as familias de acollida teñen unha carga maior na conciliación ca outras familias, xa que por unha banda deben programar un tempo á semana para as visitas coas familias de orixe das crianzas e, ademáis, poden xuntarse nun mesmo domicilio varias crianzas, entre fillos/as da familia e nenos/as de acollida.
A carga dos coidados provoca que familias non teñan tempo propio para ocio, traballo, outros coidados ou trámites administrativos, e é por este motivo que Acougo vese na responsabilidade de aliviar esta situación, ofrecendo sevizos de conciliación as familias que se ven afectadas pola medida do acollemento familiar.

## CRIANZAS E ADOLESCENTES atendidos/as no programa de CANGURAXE

| DATA | FAMILIA | LUGAR | DE 0 A 3 | DE 4 A 6 | DE 7 A 9 | DE 10 A 12 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 8/08/23 | F-1 | SANTIAGO | | | H-1 | |
| 16/08/23 | F-1 | SANTIAGO | | | H-1 | |
| 1/09/23 | F-2 | MIÑO | H-1 M-1 | | | |
| 8/09/23 | F-3 | SANTIAGO | | | H-1 | |
| 16/09/23 | F-4 | AMES | | M-1 | H-1 | H-1 |
| 22/09/23 | F-5 | SANTIAGO | H-1 | H-1 M-1 | | |
| 25/09/23 | F-5 | SANTIAGO | H-1 | H-1 M-1 | | |
| 27/09/23 | F-1 | SANTIAGO | | | H-1 | |
| 3/10/23 | F-12 | SANTIAGO | | M-2 | | |
| 4/10/23 | F-6 | CULLEREDO | | M-1 | H-1 | |
| 5/10/23 | F-6 | CULLEREDO | | M-1 | H-1 | |
| 6/10/23 | F-6 | CULLEREDO | | M-1 | H-1 | |
| 9/10/23 | F-4 | AMES | | M-1 | H-1 | H-1 |
| 10/10/23 | F-7 | NEGREIRA | M-1 | H-1 | | |
| 12/10/23 | F-5 | SANTIAGO | H-1 | H-1 M-1 | | |
| 13/10/23 | F-8 | CEE | | H-1 | M-1 | M-1 |
| 13/10/23 | F-9 | AMES | M-1 | M-1 | H-1 | |
| 16/10/23 | F-8 | CEE | | H-1 | M-1 | M-1 |
| 18/10/23 | F-1 | SANTIAGO | | | H-1 | |
| 19/10/23 | F-10 | SADA | | | H-1 M-2 | M-1 |
| 25/10/23 | F-4 | AMES | | M-1 | H-1 | H-1 |
| 27/10/23 | F-9 | AMES | M-1 | M-1 | H-1 | |
| 28/11/23 | F-13 | LUGO | | | H-1 | |
| 3/11/23 | F-9 | AMES | M-1 | M-1 | H-1 | |
| 4/11/23 | F-8 | CEE | | H-1 | M-1 | M-1 |
| 8/11/23 | F-4 | AMES | | M-1 | H-1 | H-1 |
| 14/11/23 | F-11 | SANTIAGO | | | H-1 | |
| 9/11/23 | F-1 | SANTIAGO | | | H-1 | |
| 15/11/23 | F-4 | AMES | | M-1 | H-1 | H-1 |
| 18/11/23 | F-5 | SANTIAGO | H-1 | H-1 M-1 | | |
| 19/11/23 | F-5 | SANTIAGO | H-1 | H-1 M-1 | | |
| 21/11/23 | F-11 | SANTIAGO | | | H-1 | |
| 25/11/23 | F-2 | MIÑO | H-1 M-1 | | | |
| 27/11/23 | F-6 | CULLEREDO | | M-1 | H-1 | |
| 28/11/23 | F-6 | CULLEREDO | | M-1 | H-1 | |
| 28/11/27 | F-11 | SANTIAGO | | | H-1 | |
| 29/11/23 | F-6 | CULLEREDO | | M-1 | H-1 | |
| 29/11/23 | F-1 | SANTIAGO | | | H-1 | |
| 30/11/23 | F-6 | CULLEREDO | | M-1 | H-1 | |
| TOTAL | | | H:7 M:6 | H:9 M:23 | H:27 M:5 | H:5 M:3 |

- ***CAMPAMENTOS.*** Durante o ano 2023, en colaboración con entidades "Amigas do Acollemento Familiar", e tamen con axuda ofrecemos diferentes espazos de conciliación ás nosas familias socias.



**** CAMPAMENTO INFANTIL E XUVENIL.***

*CAMPAMENTO "AGARIMOS".*

Tivo lugar durante os días 26 de agosto e o 4 de setembro no C.X. Espiñeira de Boiro permitindo un respiro para as familias ao tempo que se ofrecía unha experiencia única de convivencia ás crianzas do sistema de protección.

Constituíu unas experiencia innovadora única xa que o campamento estaba dotado de moitos profesionais técnicos e moito capital voluntario, de xeito que a proporción adulto – crianza era de 1:1, para ofrecer uns coidados e atención individualizados e ter sempre unha persoa de referencia ao lado.



Supuxo unha inversión no benestar e o desenvolvemento integral destes mozos e mozas que se enriqueceron de experiencias que poden ter un impacto transformador nas súas vidas. Sustentamos isto nos seguintes argumentos:

Desenvolvemento persoal e social

Enriquecemento experiencial + Autonomía e toma de decisións + Apoio emocional + Inclusión e sentido de pertenza + Estímulo académico: obtendo os seguintes resultados, que nos chean de forza para seguir traballando.

AVALIACIÓN CAMPAMENTO AGARIMOS

PARTICIPANTES

Acougo




Na pregunta "Escribe a continuación o que queiras sobre esta experienca" algunhas das respostas foron as seguintes:

- Esta experiencia foi moi boa, gustoume moito, espero poder facer e repetir moitas veces este campamento.
- Me gusto lo de que un moni tiene que ir con un niño/a, quiero si se puede volver a repetir el campamento.
- Se estuvo fenomenal pero las castañas tienen muchos bichos.
- Me ha gustado y me lo he pasado bien.
- ¡¡¡ que me encanto!!!

### *- ESTADÍAS / RESPIROS DE FIN DE SEMANA*

Durante o novembro, organizamos dúas fins de semana en albergues e instalacións da Xunta de Galicia coa finalidade de ofrecer un respiro familiar e ao tempo que fortalecer ás familias con ferramentas no ámbito da corresponsabilidade.
10-12 de novembro. Fin de semana familiar en Viveiro
24-26 e novembro. Fin de semana infantil e Xuvenil nas Sinas (Vilanova de Arousa)

### *Fin de semana familiar en Viveiro*




Os obxectivos deste fin de semana foron:
• Proporcionar ás familias e crianzas experiencias lúdicas e sociais positivas.
• Fomentar a cohesión grupal para mellorar as dinámicas de relación entre os/as proxenitores e as crianzas.
• Formar en corresponsabilidade e coparentalidade.

As actividades para as crianzas foron lúdicas, con xogos e manualidades.
A formación para os adultos pretendía mellorar a comunicación e colaboración dentro da familia, establecer pautas de crianza compartida que beneficiase o benestar e desenvolvemento saudable das crianzas e un equilibrio entres as responsabilidades laborais e domésticas que contribúa a mellorar o ambiente familiar. (Ver obxectivos no apartado de Sensibilización – Xornada de Convivencia Familiar Corresponsables)
Tamén houbo actividades onde participou toda a familia: Got Talent familiar, saidas, xogos de pistas con probas con probas que estaban relacionadas con mulleres importantes na historia miundial

### *Fin de semana infantil e xuvenil nas sinas*

Levouse a cabo durante a fin de semana do 24 ao 26 de novembro nas Sinas, Vilanova de Aroura nun albergue xuvenil xestionado pola Xunta de Galicia.
O alberque ten unha capacidade de 120 prazas en liteiras, dividida en diferentes con aseos e duchas. Dispón dunha pista polideportiva de fútbol sala e baloncesto. Ten un comedor e un edificio con diferentes aulas para facer actividades cubertas. Na contorna hai arbores, moito campo e aceso a praia.
O número de participantes foi de 21 nenos, nenas e adolescentes que residen en familias de acollida.





DIVERSION



AIRE LIBRE






APRENDER XOGANDO

*- Servizo de conciliación familiar durantes as formacións e xuntanzas de familias.*

Todas as nosas actividades con familias ofrecen un servizo de conciliación familiar que facilite asistencia e xere lazos entre as crianzas. É un servizo profesionalizado e apoiado polo voluntariado, que ofrece sesión de ocio positivo e educativas.

***- CLUBE DE LECTURA DE PERSOAS ADULTAS***

O 19 de xullo lanzamos esta proposta coa finalizade de xerar un espazo de lectura e reflexión sobre os coidados, a corresponsabilidade, a coparentalidade en xeral e poder baixalo ao ámbito do acollemento familiar.

Na actividade participou o persoal técnico de ACOUGO: psicólogas, traballadora social e educadora, para ofrecer a orientación necesaria na posta en marcha e avaliación da evolución; e foi dirixida por Patricia Quintana (coach e interventora emocional con ampla experiencia e dirección de clubes de lectura).




A inscrición estaba aberta a homes e mulleres pero a participación foi totalmente feminina, cun total de 15 participantes. Pola dispersión xeográfica das persoas participantes iniciouse online, coa intención de xuntarnos presencialmente en dúas ocasións, polo menos: no mes de outubro, aproveitando a visita da autora dun dos libros propostos (na xornada de Corresponsabilidade) e no mes de decembro, nalgunha das librarías colaboradoras e con espazo que invite á reflexión.
Uníronse ao clube mulleres do Círculo de Mediación de Galicia (CIMEGA), moi interesadas en traballar conxuntamente sobre estes temas.

Enviamos unha ficha inicial para saber os gustos e os hábitos de lectura dos participantes e propuxemos para un primeiro encontro para comentar o conto "El baile" de Irene Nemirovsky, curto e doado de ler que introduce dun xeito distendido a relación nai-pai-filla, a crianza e como afecta ás nosas relación.
O primeiro libro que lemos foi MOTHERLAND de Virginia Mosquera. A autora trata en primeira persoa como viviu a maternidade contrastando o que se espera dela e a vivencia real.
Tivemos a oportunidade de falar coa autora, en persoa, sobre os ecos do seu libro e descubrimos mais información sobre a situación das mulleres que optan poa maternidad na sociedad actual. Reflexionamos sobre os roles que asume cada sexo e como isto nos acerca ou nos distancia da verdadeira corresponsabilidade.

Comprobamos como lectura é un medio excelente quemnos axuda a pensar e analizar as situacións e decidimos continuar coa aventura iniciando un novo libro: La historia de los vertebrados de Mar García Puig.






CLUBE DE LECTURA XUVENIL
Decicimos engadir dentro do Plan Corresponsables unha sección xuvenil do clube de lectura posto que había unha demanda de mozos e mozas. Ademáis, dábasenos a posibilidade de facer un traballo paralelo con outro libro da autorora Virginia Mosquera: ROMEO Y JULIETA: AHORA LA HISTORIA ES OTRA e propiciar un encontro con ela na xornada de corresponsabilidade. Aproveitamos tamén a temporada vacacional porque non teñen carga escolar e unha actividade deste estilo resulta moi propicia. Participaron 16 mozos e mozas entre 12 e 16 anos.



## *SERVIZO DE CONCILIACIÓN NAS ACTIVIDADES DE ACOUGO*

É un espazo profesionalizado de coidado de aprendizaxe e lúdico con actividades variadas para os nenos e nenas das familias que participan nas actividades que ofrece á asociación. As familias son a base da sociedade para o crecemento e benestar dos nenos e nenas. A conciliación permite manter o equilibrio entre as actividades e obrigas dos adultos e o axeitado coidado das crianzas e adolescentes.

Precisamos ofrecerles espazos de conciliación para que poidan formarse e fortalecerse. Para isto o Plan Corresponsables permitiunos xerar estes momentos.



Aproveitamos o marco do convenio para ter como temática e fío condutor das actividades foi a igualdade, proporcionando unha experiencia lúdica sen diferencias nas mensaxes e actividades en función do xénero, concienciando sobre a importancia do autocoidado, a corresponsabilidade, a autosuficiencia e a intelixencia emocional para formarse como persoas de xeito integral e relacionarse de xeito igualitario nas suas relacións persoais e sociais.

Algunhas destas actividades foron:

Contacontos pola igualdade de xénero. A actividade consistiu en leer un conto dos Bolechas sobre igualdade de xénero e pintar a continuación un debuxo con imaxes de homes e mulleres vestidos con roupa de diferentes profesións.

Obxectivo específico: Transmitir unha nova realidade sobre os estereotiPOS.





CRIANZAS E ADOLESCENTES atendidos/as no programa de CONCILIACIÓN

Acougo
Asociación galega de familias de acollida

| DATA | LUGAR | DE 0 A 3 | DE 4 A 6 | DE 7 A 9 | DE 10 A 12 | DE 13 A 16 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| 29 de abril | Rois (A Coruña) | | M:4 H:3 | M:3 H:5 | M:2 H:3 | |
| 17 de xuño | Miño (A Coruña) | | M:2 H:3 | M:3 H:4 | | |
| 17 de xullo | O Milladoiro (A Coruña) | | M:2 H:3 | M:4 H:2 | H:3 | |
| 14 de xullo | Santiago (A Coruña) | | M:2 H:5 | M:4 | H:3 | |
| 6 de setembro | Santiago (A Coruña) | | M:2 H:1 | M:3 H:2 | M:3 H:1 | M:2 H:3 |
| 22 de setembro | Padrón (A Coruña) | M:2 | M:6 H:5 | M:3 H:3 | M:4 H:2 | |
| 7 de outubro | Narón (A Coruña) | | M:5 H:4 | M:2 H:4 | | |
| 28 de outubro | Santiago (A Coruña) | M:2 H:1 | M:5 H:3 | M:4 H:2 | | |
| 28 de outubro | Santiago (A Coruña) | M:2 H:3 | M:3 H:5 | M:4 H:2 | M:3 H:4 | M:2 H:1 |
| 9 de outubro | Pereira (Ourense) | | H:2 | M:3 | | |
| 11 de novembro | Viveiro (Lugo) | | M:3 H:3 | M:4 H:5 | | H:1 |
| 18 de novembro | Allariz (Ourense) | M:2 | M:6 H:5 | M:3 H:3 | | |
| 30 de novembro | Narón (A Coruña) | | M:4 H:8 | M:6 H:6 | | |
| TOTAL | | M:10 H:4 | M:49 H:52 | M:52 H:38 | F:16 M:25 | F:4 M:5 |

tod@ nen@ merece unha familia... ou días

## *Recursos de apoio as familias*

### *- Campaña de xoguetes de Nadal.*

Dende a Asociación Acougo queremos aledar un pouco máis o Nadal aos nenos, nenas e adolescentes das familias socias e dos centros residenciais onde traballamos.

A campaña consistiu en facerlles un agasallo que pedían na súa carta de nadal. Posemonos en marcha en levamos agasallos a 35 NNA: 33 de centros residencias y dous de familias de acollida.

Os centros que participaron foron:

Escuela Hogar Mª Inmaculada de o barqueiro.

Centro de Menores Ferrol I.

Casa de Familia Aldaba en Vilagarcia.










## *Banco de Recursos*

O Banco de recursos nace para dar  resposta a unha demanda concreta e urxente que sirva como rescurso á prevención dainstitucionalización. Busca axudar as familias, tanto acolledoras como no, a ter a oportunidade de cubrir as necesiadades de roupa, calzado e enseres de puericultura, sin a necesidade de verse envoltos en gastos. Resumimolo en:

• Axudar ás familias en risco de exclusión, ás familias acolledoras e de orixe, nas necesidades materiais de roupa e aveños para a crianza
• Promover o desenvolvemento sostible.
• Fomentar a reutilización.
• Crear unha rede de apoio.
• Apoiar ás familias monoparentais (principalmente compostas por mulleres) na xestión de recursos para as crianzas.

O Bando de recursos funciona de xeito continuado dende o mes de marzo ata o mes de novembro. O seu funcionamento continuará durante o mes de decembro e o ano 2024 e 2025. O recurso e xestionado por os traballadores de ACOUGO xunto co equipo de voluntariado. Encontrase en Padrón, Av. Pontecesures, No3, Enterplanta esquerda.



## *Entidades colaboradoras:*

En Acougo temos a fortuna de contar con moitas entidades que colaboran con nosco e fan que o traballo convirtase en unha experiencia inesquecible. Algunhas de esas entiodades son:

ASEAF
Asociación Estatal de Acogimiento Familiar: por sus derechos

cimega

plataforma de organizacións de infancia galicia

Fundación María José Jove

meniños

plataforma de infancia españa

C. I. F. P. COMPOSTELA
FP CENTROS INTEGRADOS DE FORMACIÓN PROFESIONAL

AGAFAN
Asociación Galega de Familias Numerosas

adoptia
Guía de postadopción para profesionales de la educación y agentes sociales
Claves educativas

FAGAMOS
Asociación de Familias Monomarentais de Galicia

Fundación NARU

Cruz Roja

PETALES España

Agintzari
Gizarte Ekimeneko Kooperatiba
Cooperativa de Iniciativa Social

## *- Apoio e acompañamento a NNA de centros residenciais*

Seguimos a traballar no proxecto de intelixencia emocional mediante mindfulness, iniciado en 2021, e continuado durante todo o 2022 y 2023.

A finalidade deste proxencto é,mediante actividades lúdicas, dinámicas e educativas, o entrenamento en ferramentas para a expresión e xestión emocional, desenvolvemento de novas estratexias de afrontamento e de relación, fomentar o benestar, familiar e convivencial, así como, mellorar o comportamento e o autocontrol.

As sesión se realizaron nos seguintes centros residenciais: de Mañon e Ferrol.

**ACTIVIDADES PREVISTAS**

| ACTIVIDADES PREVISTAS NA SÚA SOLICITUDE | EXECUTADAS | | |
|---|---|---|---|
| | SI | NON | |
| Actividades de intelixencia emocional en centros de protección | X | | |
| Mindfulness con familias de acollida | | X | |
| Metodoloxía Lego con crianzas e adolescentes | X | | |
| | | | |
| Metodoloxía Lego con familias | X | | |

**ACTIVIDADES REALIZADAS E TEMPORALIZACIÓN**

**ACTIVIDADE REALIZADA 1**

| | |
|---|---|
| Actividade realizada | Intelixencia emocional en centro de protección Mañón |
| Lugar de realización | Centro de protección Mañón |
| Calendario de realización | 18,25 outubro, 8, 15, 22, 29 novembro, 13, 20 decembro |
| Número de persoas usuarias | 10 |
| Vías de procedencia e condicións de acceso persoas usuarias | Crianzas e adolescentes que conviven no centro de Mañón |

**ACTIVIDADE REALIZADA 2**

| | |
|---|---|
| Actividade realizada | Intelixencia emocional centro de protección Ferrol |
| Lugar de realización | Centro de protección de Ferrol |
| Calendario de realización | 30 outubro, 6, 14, 20 e 27 de novembro, 4, 11, 18 de decembro |
| Número de persoas usuarias | 10 |
| Vías de procedencia e condicións de acceso persoas usuarias | Crianzas e adolescentes que conviven no centro de Ferrol |

**ACTIVIDADE REALIZADA 3**

| | |
|---|---|
| Actividade realizada | Lego con familias |
| Lugar de realización | A Coruña, Ares, Santiago de Compostela |
| Calendario de realización | 15 setembro, 28 outubro, 17 novembro, 16 novembro, 22 novembro, 6 decembro, |
| Número de persoas usuarias | 23 persoas |
| Vías de procedencia e condicións de acceso persoas usuarias | Familias acolledoras ben socias ou ben en contacto con Acougo e outras familias que proveñen doutras entidades |

**ACTIVIDADE REALIZADA 4**

| | |
|---|---|
| Actividade realizada | Lego con crianzas e adolescentes |
| Lugar de realización | Santiago de Compostela |
| Calendario de realización | 28 decembro, 17 novembro |
| Número de persoas usuarias | 16 crianzas |
| Vías de procedencia e condicións de acceso persoas usuarias | Familias acolledoras ben socias ou ben en contacto con Acougo e outras familias que proveñen doutras entidades |






## *- Actividades a NNA en centros educativos*

**Actividades de educación emocional:**

Puidemos traballar as ferramentas de xestión emocional con distintos grupos durante dúas semanas 3 días á semana. Os horarios eran desde as 11:30 ata as 12:00 co primeiro grupo, e desde as 12:00 ata as 12:30 co seguintes grupo.

AS ACTIVIDADES REALIZADAS FORON AS SEGUINTES:

- **"Os dados das emocións".**
Nesta actividade, creamos dous dados. Nun deles, en cada cara había unha das principais emocións (tristeza, alegría, medo, sorpresa, asco, enfado) e, por outra banda, no outro dado puxemos diferentes animal/obxectos totalmente aleatorios (barco, rana, libro, cofre, gorro, porta).



Dividimos a todo o grupo por parellas e, a continuación, cada parella lanzaba os dous dados onde lle sairía unha emoción e un animal/obxecto. Con esto, deberían crear unha historia na que se representase esa emoción estando presente, en algúnmomento, ese animal ou obxecto.
A participación de estos/as nenos foi activa e de calidade. Pero, polo pouco tempo do que dispoñíamos só deu tempo a que recoñecesen e dixesen todas as emocións que aparecían nun dos dados e a que pensasen a historia, aínda que non deu tempo a representala e que lla contasen en alto ao resto dos seus compañeiros/as.

**- "O dominó das emocións".**

Para iso, creamos 14 fichas simulando as do dominó. Nun lado estaba escrita unha emoción e no outro unha situación que conleve a sentir unha emoción. Para que o dominó encaixase e quedase en forma de rectángulo, tendrían que encaixar cada unha das emocións coas situacións correspondentes.
As emocións que traballamos en este dominó eran: celos, amor, confianza, sorpresa, medo, tristeza, ira, alegría, asco, vergoña, susto, envidia, enfado e decepción.

Pola outra banda, algunhas das situacións que correspondían a estas emocións, eran por exemplo:

Esta actividade tivo unha gran acollida por parte dos nenos/as, e estiveron moi participativos/as e concentrados/as na súa realización. Nesta ocasión, sí que deu tempo a rematar a actividade da que todos/as quedaron moi satisfeitos/as. Cabe destacar que, algo que nos chamou a atención foi que unha das rapazas que participou creía que todas as situacións daban lugar á ira, demostrándonos que era unha emoción que tiña moi presente no seu día a día e que se debería traballar con ela sobre esa emoción.

### *" O bingo das emocións".*

Creamos 6 diferentes cartóns de bingo, no cal en cada casilla había unha emoción representada con emoticonos, (amor, sorpresa, medo, tristeza, alegría, irá, vergoña, susto, asco, enfado, celos e decepción). Para cada unha de estas, escribimos unha situación que representaba as diferentes emocións que citamos anteriormente. Cando creían que a situación se correspondía con unha emoción que aparecía no seu cartón, deberían tapala con fichas que lle entregamos antes de comenzar a actividade,cubrindo todas hasta completar o bingo.

Exemplo de dous dos cartóns:






***Fichas para cubrir***

Para a realización desta actividade, creamos varios grupos nos que cada un deles tiña un cartón e cada persoa varias fichas para cubrir as emocións. En voz alta, leíamos as diferentes situacións e, en cada grupo deberían poñerse de acordo para tapar a emoción a que creían que correspondía dita situación.
O primeiro grupo en cubrir o cartón completo diría en voz alta a palabra "BINGO" e sería o equipo gañador. Para finalizar, repasamos con todos eles/as a emoción que correspondía con cada situación, comprobando así que as cubriran da maneira correcta. Cando o neno/a non recoñecía o emoticono ou o confundía con outro, preguntábaselle como o representarían eles/as cando sinten esa emoción.

### *"Taboleiro emocional".*

Creamos dous taboleiros con 14 casilleiros cada un. Cada un deles representaba con emoticonos unha emoción diferente (sorpresa, tristeza, vergoña, amor, medo, decepción, irá, susto, asco, enfado, celos, alegría, preocupación e timidez).







Para cada taboleiro creamos un dado de papel con 6 números (un en cada cara) e fichas de cores para cada xogador. Ademáis, a cada participante entregámoslle un papel doblado pola metade no que nunha das partes poñía: "Por qué sinto esta emoción e cando?" e, na outra parte: "Cómo a xestiono e a quén acudo?".

***-"Diccionario de emocións" :***

Nesta actividade se lle daba a cada neno/a unha imaxe que mostraba unha emoción. Pola outra banda na parede colgaronse os nomes de cada emoción a traballar: alegria, tristeza, medo, ira e enamoramento. Así pois, cada neno/a tras ver a imaxe foi á parede e colocou esta debaixo do nome da emoción que correpondía.

***ALEGRIA:***



***TRISTEZA:***



***MEDO:***



***ENFADO:***



***AMOR:***



Posteriormente, se fixeron diferentes preguntas sobre cada emoción nomeada:

- Como se expresa ca cara esa emoción?
- Qué pensamentos provocanos esa emoción?
- En que situacións podemos ter esa emoción?
- Con quen podemos compartir esa emoción?

A participación dos nenos e nenas nesta actividade foi moi activa posto que cada un e unha dicia exemplos para cada unha das preguntas que se lles facía. Ademais disto, estos nenos e nenas participaban con moitas ganas de xogar e mostrar o que sabían tras cada pregunta.

**- "Receita para a felicidade".**

Nesta actividade os nenos e nenas tiñan que debuxarse a si mesmos/as daforma que mais felices foran e pola outra banda poñer que sentimentos, emocións, persoas, materiais, actividades... lles fan felices.
A participación destos nenos e nenas foi moi activa de dinámica posto que todos e todas dician as cousas que lles fan felices e ó escoitar aos seus compañeiros e compañeiras ocurrianselles outros elementos a escribir mentras contaban o porqué de cada un.

**- "Carreira emocional".**

Nesta actividade poñíanse diferentes cancións de Disney onde os nenos e nenas tiñan que averiguar que emoción expresaba cada unha. As emocións eran: alegria, tristeza, ira e medo.
Cancións empregadas:

- Pobres almas en desgracia- Ursula. Miedo
- No se habla de Bruno- Encanto. Miedo
- Hakuna Matata- Rey león. Alegría
- Hay un amigo en mi- Alegría
- En marcha estoy- alegria
- Barbaros-pocahontas. Ira
- Marcha imperial-star wars. Ira
- Recuerdame- Coco. Tristeza
- La marha de radetzky- Alegria
- Preparaos- Rey leon. Ira
- La llorona- tristeza
- No hablaré de mi amor. Hercules. Ira
- No te gustaría enfrentarte a mi- Ursula. Miedo
- En mi corazon vivirás- tarzán. Tristeza

Todos os nenos estaban sentados e no momento que decubrisen cada emoción tiñan que levantarse e dar unha volta á habiación sen poder levantar os pes do chan, e cando chegasen ao punto de partida tiñan que dicir a emoción que pensaba cada un/unha que cada canción expresaba. Posteriormente preguntabase cal era a emoción que expresaba cada canción e os nenos respondían en voz alta esta.

***" A idea mais estúpida primeiro"***

***Casos:***

1. Non tedes sábanas limpas para a cama e a lavadora non funciona
2. Tendes un partido o sábado e o entrenador perdeu o balón
3. Olvidástesvos de comprar un regalo ao voso mellor amigo/a polo seu cumpleanos e non tendes tempo para ir a comprar, polo que tedes que empregar algo que teñades na casa e algo para envolvelo.
4. É primeira hora en clase e tendes moito sono pero tendes que despertaros como sexa
5. A profe díxovos que habia que estar en silencio pero o voso compañeiro/a contavos

un chiste moi gracioso
Nesta actividade dábanselle diferentes casos nos que tiveran que buscar unha solución viable e útil ó problema pero só dicindo as mais estupidas que se lle poidesen ocurrir. A continuación citabanse todas as ideas que saíron e elixindo as mais utiles, vendo asi, que ás veces unha idea que ó principio parece estúpida pode non selo.
A participacion nesta actividade foi moi activa, posto que cada un/unha tiña que decir unha idea pero dixeron varias xa que lles causou moita emoción dar ideas alocadas para solucionar os problemas propostos.

***"CUBITO DE XEO"***



Sería como unha MEDITACIÓN guiada para nenos, como a anterior, pero esta vez un pouco máis longa.
Pedímoslles que sentasen e pechasen os ollos e empezámoslles a dicir que imaxinaran: "es un cubito de xeo ríxido, sólido, duro e frío. Encóllete coas pernas dobradas e agarradas cos brazos fortemente . Nota a tensión, aperta todo o teu corpo.Agora observa como aos poucos aparece o sol no horizonte. Empezas a notar a súa calor,como che vai quentado... Amodo vai soltando a tensión a medida que che vas derritiendo. Aos poucos ve estendendo o corpo ata quedarche tombado a mentres o sol quéntache e vasche convertendo nun charco de auga líquida. Solta e relaxa todo o corpo. Derrítete, sóltache, xa non es un xeo duro e en tensión, es auga que flúe por todas partes."

***AVALIACION***

| Marca x na seguinte taboa | 🙂 | 😐 | ☹️ |
|---|---|---|---|
| Sentinme... | 28 | 2 | 0 |
| Os xogos/actividades pareceronme... | 28 | 2 | 0 |
| O sitio onde estivemos foi... | 30 | 0 | 0 |
| As personas monitoras fixerono... | 30 | 0 | 0 |
| Valoración global | 28 | 2 | 0 |

***- Actividades familiares***

A unión fai a forza e como familias acolledoras sabemos a importancia de pertencer a grupos asociativos e de participación para loitar polos dereitos da infancia e adolescencia do sistema de protección e tamén… dos nosos dereitos como familias acolledoras!!!

Deste xeito, organizamos encontros por comarcas, autonómicos e estatais de familias onde nenos, nenas, adolescentes e os seus adultos de referencia teñan contacto con otras familias para compartir experiencias e sentir o apoio necesario durante a viaxe do acollemento…

Espazos de encontro e de reflexión onde seguir aprendendo todo/as xunto/as: familias, nenos e nenas, adolescentes, profesionais, administracións…

***- XUNTANZAS EN FAMILIA***: procuramos a reunión de familias acolledoras, para facerlles chegar todas as actividades e axudas que lles podemos ofrecer. Se non poden facelo presencialmente, tamén lle ofrecemos a vía en liña. Tomamos moi en conta a conciliación para que poidan asistir cos seus fillos . Os nosos voluntarios sempre presentes.

ACOUGO facilita espazos de encontro, reflexión e apoio mutuo co obxectivo de informar, acompañar e reforzar o labor que levan a cabo as familias acolledoras.

Con temáticas diversas e sempre respondendo á demanda das familias, compartimos vivencias e tentamos dar respostas e solucións a moitas situacións que se viven cada día nas familias acolledoras








## *- ENCONTRO DE FAMILIAS ACOLLEDORAS*

O 21 de outubro acompañamos ás familias nunha divertidisima carreira organizada por ENKI, e colocamos unha CASETA que sirvió para dar sementar en moitas familias a semente do acollemento e noutras aclarárvos dúbidas e confusións .
As familias divertíronse moitísimo e eles mesmos deron a coñecer ao **"Super Acougo"** que hai dentro de cada un.







***SUPER ACOUGO***



## *- MEDIDAS DE DESINSTITUCIONALIZACION Y DE PREVENCION DE LA INSTITUCIONALIZACION.*

### *Concurrent Planning: buscando a estabilidade das crianzas en Acollemento Familiar*

Este proxecto baséase nunha práctica dentro do Sistema de Protección de Menores que ten traxectoria noutros países e que polas súas características e resultados pode ser aplicable á Comunidade Autónoma de Galicia.

A Planificación Concurrente ou Concurrent Planning caracterízase por comezar dous procesos simultáneos no momento en que as crianzas son separadas das súas familias por parte da Administración.

Estas dúas vías serían as seguintes:

- Traballo coa familia de orixe da crianza para lograr o retorno no tempo que se precise.
- Planificación dun recurso de coidado familiar alternativo, formalizado nun contrato de acollemento familiar permanente. Se o retorno á familia de orixe non fora posible, esta figura de acollemento permanente mudaría a unha adopción aberta.

Conseguiremos deste xeito dar estabilidade ás crianzas, minimizando os períodos de incerteza.

En caso de que a crianza non poda retornar á súa familia de orixe, xa teríamos iniciado un xeito de coidado alternativo dispoñible, que pode converterse na definitiva.

Este dobre procedemento ten dous posibles fins: a reunificación na familia de orixe ou a adopción aberta por parte da familia acolledora.

**OBJETIVOS ESPECIFICOS:**

- Poñer as necesidades de NNA no centro do proceso de retirada de tutela e acollemento por parte da Administración.
- Traballar en que sexan as medidas as que transitan pola crianza, non a crianza polas diferentes medidas.
- Proporcionar un entorno estable para as crianzas dende a retirada de tutela á súa familia de orixe (permanencia física, psicolóxica e legal).
- Diminuír a adversidade temperá pola inestabilidade das medidas de protección.
- Garantir o dereito ás orixes das crianzas do Sistema de Protección de Menores.
- Ofrecer ás crianzas e adolescentes do Sistema de Protección de menores a posibilidade de manter relacións estables na comunidade e con continuidade a longo prazo.
- Proporcionar un coidado permanente estable.
- Minimizar as consecuencias negativas involuntarias das crianzas e adolescentes do Sistema de Protección de Menores.
- Evitar os retrasos nas tomas de decisións.
- Facer difusión do programa de xeito coordinado coa Consellería de Política Social, cos concellos de Galicia e outras entidades que traballan no Sistema de Protección.
- Realizar a busca das familias interesadas en ser familias acolledoras neste programa.
- Formar ás familias idóneas e interesadas neste programa.
- Traballar de xeito coordinado cos ETM na busca de crianzas para o programa.

- Realizar o seguimento dos acollementos, apoiando e informando as familias (acolledoras e de orixe) antes, durante e despois do acollemento familiar.

- Traballar de xeito intenso coas familias de orixe para a posible reunificación, a través dun traballo estable e coordinado cos Servizos Sociais Comunitarios de Base.

## DESCRICIÓN DO PROGRAMA

Este programa incluirá as seguintes fases:

### FASE 1

- Presentación do programa aos ETM e aos centros de Protección á Infancia.
- Coordinación con ETM para seleccionar crianzas e familias de orixe que precisen participar neste programa.
- Busca, recepción, valoración e formación de familias acolledoras que se adapten ás necesidades deste programa.
- Información ás familias asociadas de Acougo deste novo programa.

### FASE 2

- Explicación pormenorizada ás familias de orixe de en que consiste o programa (explicaranse as dúas vías dende o primeiro momento, non dando información falsa nin contraditoria).
- Explicación ás crianzas do programa se a idade o permite.
- Asignación familias-crianzas.
- Presentación de familia de acollida á familia de orixe.
- Presentación das crianzas ás familias de acollida (realizaranse diversas visitas, aumentando en cada unha delas o tempo para que se podan coñecer e adaptarse).
- Formalización do contrato de acollemento familiar.
- Seguimento e acompañamento en todo momento tanto á crianza como á familia de orixe como á de acollida (cada 3 días nun primeiro momento e cada semana en momentos posteriores)
- Realización de informes (cada mese durante o primeiro ano, cada 3 meses despois do primeiro ano) sobre a información recabada.

### FASE 3

- Comezo do Acollemento Familiar.
- Traballo coa familia de orixe en coordinación cos Servizos Sociais Comunitarios.
- Realización de visitas entre crianzas e familia de orixe (preparadas e se é necesario acompañadas co equipo técnico). Estas visitas serán organizadas e adaptadas ás necesidades reais de cada caso.
- Seguimento, acompañamento e realización de informes.
- Realización de xuntanzas das diversas familias que podan reflexionar e compartir experiencias.

### FASE 4

- Acompañamento e explicación da vía final escollida (a familias de orixe, de acollida e crianzas).
- Acompañamento á familias de acollida, familias de orixe e crianzas ante un posible duelo.
- Realización de informes.
- Avaliación dos resultados tanto coas familias de orixe como de acollida.

## METODOLOXIA

As familias, tanto as de orixe como as acolledoras, estarán permanentemente acompañadas co equipo técnico de Acougo.

Nun primeiro momento o proxecto será explicado ás familias de orixe polo ETM correspondente (explicándolles todas as accións que se realizarán no programa). Mais tarde, esta familia se reunirá co equipo técnico de Acougo, que lle explicarán de xeito pormenorizado o proxecto e establecerán o modo de traballo. É importante que todas as partes podan colaborar de xeito coordinado para o beneficio das crianzas.
Mais tarde realizarase a presentación das familias e a firma do compromiso.
Unha vez realizadas as presentacións, a familia de acollida coñecerá as crianzas.
O equipo de Acougo terá unha relación e comunicación coas familias fluída e continua. Nos primeiros días esta comunicación será diaria, ampliando os períodos a medida que avanza o acollemento.
Tanto F.O como F.A terán os teléfonos e e-mails do persoal técnico de Acougo, para resolver as necesidades o antes posible.
Enviarase aos ETM un informe trimestral sobre o transcurso do programa. Tamén se enviará informe aos Servizos Sociais Comunitarios

## *- UN CURSO EN FAMILIA*

Proposta de proxecto piloto de impulso do acollemento familiar para adolescentes durante o curso escolar 2023/2024 "Un Curso en Familia":

**Obxetivos xenerais:**

- Impulsar o acollemento familiar como medida de protección prioritaria á infancia tutelada, tal como recolle a Lei 26/2015, que modifica o Sistema de Protección á Infancia e á Adolescencia.
- Facilitar o acollemento temporal á adolescencia e xerar medidas alternativas de acollemento
- Facilitar ás familias interesadas no acollemento familiar unha aproximación a esta realidade de forma paulatina e cunha temporalidade definida de un curso escolar, contando ademais co apoio de profesionais
- Propiciar contornas de colaboración coa Entidade de Protección, centros residenciais e as asociacións e familias acolledoras para reforzar o acollemento familiar como medida prioritaria de protección
- Promover e crear cultura de acollemento familiar.

**Obxetivos Específicos**

**Adolescentes:**
- Aumentar a súa rede de apoios e a súa capacidade de establecer vínculos afectivos
- Ter a oportunidade de reexperimentarse en familia
- Dispoñer de novos modelos familiares de referencia
- Mellorar o seu rendemento académico e autoeficacia
- Fomentar á responsabilidade e a toma de decisións propias

**Familias:**
- Reducir medos fronte o acollemento familiar
- Fomentar o acollemento en familia allea en Galicia
- Xerar vínculos emocionais cos NNA para converterse nun recurso de apoio para ele e elas.
- Potenciar unha imaxe positiva da adolescencia tutelada
- Sentir o apoio e acompañamento dos profesionais implicados en tódalas fases do proxecto (previo- durante e posterior)
- Dispor dun teléfono de emerxencia á disposición para calquera incidencia.

## ESPECIFICACIONS DO PROXECTO

| Especificaciones xerais | |
|---|---|
| Nº de propostas | Maximo 4 participantes |
| Temporalidade | Máximo un ano escolar: de setembro 2023 a xuño 2024 |
| Acordo mutuo de colaboración | • Permiso de convivencia coa familia<br>• Acordo de compromiso co adolescente |
| Terminoloxía | • adolescentes participantes<br>• familias participantes |
| Entidades participantes | • Dirección Xeral de Infancia, Familia e Dinamización Demográfica<br>• Centros de Protección á infancia e adolescencia<br>• Equipo técnico de Acougo |
| Próxima | Familias con domicilio próximo o centro residencial |
| Comunicación e coordinación | Entre os diferentes axentes implicados |

É moi importante destacar e reforzar a necesidade de realizar un traballo coordinado entre os diferentes axentes para atender e comunicar as necesidades dos adolescentes baixo unha medida de protección.

A continuación desenvolvemos ás competencias das entidades participantes no proxecto:

1. Dirección Xeral de Infancia, Familia e Dinamización Demográfica de Galicia e Xefatura Territorial da Consellería de Política Social de referencia.

- Selección e derivación dos participantes propostos polos centros de protección
- Valorar o informe técnico sobre a adecuación da familia
- Formalización do permiso de convivencia en familia para o curso escolar
- Seguimento e coordinación do proxecto
- Facilitar posteriormente a continuidade dos contactos familia- adolescentes

2. Centros de protección á infancia e adolescencia de Galicia:

- Proposta dos adolescentes participantes
- Comunicación ó adolescentes e facilitar dúas reunións cos Técnicos de Acougo (ETAC) para explicarlle ás características e o acordo.
- Participar na presentación familia- adolescente

- Valorar e deseñar á comunicación e participación da familia biolóxica, estando os ETAC a súa disposición
- Deseño e supervisión do proceso de adaptación á familia.
- O gardador será o Director do centro de protección.
- As persoas adolescentes seguirán mantendo a súa praza no centro ata a súa volta, xa que, inicialmente o período de acollemento é un curso escolar.
- Realizarase coordinación quincenais coa familia para ver a situación da persoa adolescente e se realizarán contactos periódicos coas persoas participante, para manter os referentes do centro así como para detectar as súas necesidades en cada momento.
- As visitas coa súas familias se continuarán xestionando polo centro e coa mesma periodicidade establecida en cada caso.
- A coordinación cos centros educativos a realizarán as familias, pero deben reportar a información o/a educador/a de referencia para que esta sexa rexistrada no seu PI.
- Calquera nova situación ou decisión sobre a persoa adolescente debe ser consensuada co Director do centro.
- Financiación dos "gastos extra" dos/as adolescentes acollidos/as (como oculistas ou dentistas…)
- Dispoñer dunha atención telefónica 24h para atender posibles situación de crisis ou emerxencia.

3. Equipo Técnico de Acougo:

- Captación, formación e valoración das familias
- Coordinación directa con la Dirección Xeral de Infancia, Familia e Fomento da Natalidade.
- Xestión do programa e coordinación co resto de entidades participantes.
- Preparación das persoas adolescentes participantes en coordinación e comunicación directa co centro de protección de referencia.
- Presentación familia- adolescente en coordinación e comunicación directa co centro de protección de referencia.
- Colaborar na adaptación dos adolescentes e familias ao comezo do programa, no retorno ou finalización do programa ou na transición a outra medida de protección.
- Contacto directo coas familias e xestión das demandas
- Apoio directo ás familias acolledoras participantes.
- Acompañamento das familias.

Propoñemos a continuación as fases para o desenvolvemento do proxecto atendendo os diferentes axentes implicados:

**Familias Participantes:**

1. Difusión e captación de familias
2. Formación e valoración de familias
3. Informe técnico sobre a valoración da familia
4. Asignación adolescente- familia e presentación
5. Seguemento do acollemento
6. Comunicación, coordinación cos diferentes axentes implicados
7. Finalización e avaliación

**Adolescentes participantes:**

1. Proposta e derivación
2. Primeira entrevista (presentación da modalidade de acollemento)
3. Segunda entrevista (acordo de compromiso)
4. Presentación familia- adolescente
5. Acordo de saídas progresivas
6. Inicio e seguimento do acollemento
7. Finalización e avaliación

**Familias biolóxicas:**

Para favorecer o desenvolvemento do programa explicarase o programa ás familias biolóxicas para poder contar coa súa necesaria colaboración, en coordinación e cooperación directa coa dirección e o persoal do centro de orixe. Sendo este o que valorará o plan de actuación e comunicación e tendo a súa disposición ó ETAC .

**Temporalización**

O proxecto consta de catro fases:

1. Fase de difusión do proxecto piloto
2. Fase da selección e preparación das persoas e das familias,
3. Fase do inicio e seguimento da convivencia
4. Fase de peche e avaliación.







---

**- PROPOSTA DE INVESTIGACION COA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

1. Evaluación de los resultados del programa
La evaluación de los resultados tras la implementación del programa "un curso en familia" proporciona evidencia obje�va y sistemá�ca sobre la eficacia y la efec�vidad del programa, es decir, si se han alcanzado los obje�vos propuestos. La evaluación de resultados pretende dar respuesta a las siguientes preguntas:

• ¿Se han alcanzado los obje�vos planteados?
• ¿Cuáles son los componentes del programa que han tenido un mayor impacto?
• ¿Ha tenido el programa efectos posi�vos o nega�vos en las personas par�cipantes?
• ¿Ha producido el programa beneficios que jus�fiquen los costes?

Teniendo en cuenta los obje�vos específicos planteados en la propuesta del programa "un curso en familia", la evaluación de resultados se centrará en el análisis del cambio producido en relación con:

- La red de apoyo social y la capacidad de los/las adolescentes para establecer vínculos afec�vos.
- Percepción de nuevos modelos familiares de referencia por parte de familias y adolescentes.
- Rendimiento académico y autoeficacia.
- Percepción de las familias acerca del acogimiento familiar.
- El apoyo ins�tucional a lo largo de todo el proceso.
- Bienestar psicosocial de familias y adolescentes.

Para la evaluación de los resultados se llevará a cabo un estudio piloto con un diseño pretest-postest.

Fase pretest Al comienzo del programa (sep�embre 2023)
Fase postest Al finalizar el programa (junio 2024)

La obtención de información se llevará a cabo a través de cues�onarios autoinformados por adolescentes y heteroinformados por familias. Tanto adolescentes como familias cumplimentarán un cues�onario al comenzar el programa (fase pretest) como al finalizar el programa (fase postest). A con�nuación, se presentan en la tabla las variables objeto de estudio que serán evaluadas a través de cues�onarios.

Adolescentes Familias
Red de apoyo social Percepción de apoyo familiar y social
Rendimiento académico y autoeficacia Percepción de apoyo ins�tucional
Problemas emocionales y conductuales Estrés parental
Bienestar psicosocial Parentalidad posi�va

Percepción acerca del acogimiento familiar Percepción acerca del acogimiento familiar
Relación con la familia biológica Relación con la familia biológica

Con el fin de comprobar que los resultados se deben realmente a la implementación del programa y no a factores externos, la evaluación contará con un grupo control en el que no será implementado el programa. El grupo control estará balanceado e incluirá un número igual de par�cipantes y una distribución por género similar al del grupo experimental (i.e., recibe el programa). Las personas que formen parte del grupo control deberán residir en los mismos centros u hogares de acogida que las personas que par�cipan en la inicia�va "un curso en familia". Además, cumplimentarán el mismo cues�onario autoinformado que las personas que formen parte del grupo experimental.
Grupo experimental Adolescentes que par�cipan en el programa "un curso en familia"
Grupo control Adolescentes que no par�cipan en el programa "un curso en familia"

2. Evaluación de la fac�bilidad del programa
La evaluación de la fac�bilidad, aceptación y u�lidad del programa �ene como obje�vo proporcionar información acerca de la aplicabilidad y viabilidad del programa teniendo en cuenta los recursos disponibles. El estudio de fac�bilidad se u�liza para refinar el diseño del programa, ya que se pueden detectar necesidades no abordadas en el diseño original.
Para la evaluación de la fac�bilidad del programa se u�lizará una metodología mixta, combinando datos cuan�ta�vos con datos cualita�vos.

- La información de �po cuan�ta�vo será obtenida a través de un cues�onario que deberán cubrir todas las partes implicadas al finalizar el programa.
- La información de �po cualita�vo será recogida mediante grupos focales que serán implementados de forma separada con familias, adolescentes y miembros de los equipos educa�vos y personal técnico del sistema de protección.

Específicamente, el estudio de fac�bilidad proporcionará información acerca de:

• Aceptación. ¿Es el programa "un curso en familia" adecuado y sa�sfactorio para las

partes implicadas? Para dar respuesta a esta pregunta, se recogerá información acerca de la sa�sfacción de las partes implicadas con el programa, las posibilidades de uso real y su intención para con�nuar par�cipando en esta inicia�va en el futuro.

• U�lidad. ¿Es el programa "un curso en familia" ú�l para la población a la que se dirige? Para dar respuesta a esta pregunta, se recogerá información acerca del éxito o fracaso del programa, la can�dad y �po de recursos necesarios para su implementación y los factores que afectan a la implementación.

• Funcionalidad. ¿Puede el programa "un curso en familia" ser llevado a cabo u�lizando los medios y recursos de los que se dispone? Para responder a esta pregunta, se llevarán a cabo una serie de grupos focales con las partes implicadas para conocer la viabilidad y posibles formas de mejorar la eficiencia del programa.

• Integración. ¿Hasta qué punto puede ser integrado dentro del sistema actual? Para responder a esta pregunta se recogerá información a través de grupos focales con las partes implicadas.

3. Evaluación a largo plazo de los resultados del programa

Con el fin de comprobar si los efectos del programa se man�enen a lo largo del �empo con respecto a los obje�vos planteados, se llevará a cabo una evaluación de seguimiento tres meses después de finalizar el programa. Esta evaluación se llevará a cabo siguiendo los mismos criterios que en la evaluación pretest y postest. Por tanto, tanto las familias como las personas adolescentes que par�cipen en el programa tendrán que cumplimentar el mismo cues�onario que en las evaluaciones anteriores. Esta evaluación está prevista para sep�embre de 2024.

---

## - *Familias Plus*

Familias plus é un recurso de apoio que se ofrece a familias que temporalmente se atopan en dificultades para a atención ás súas crianzas, sen que estas supoñan unha desprotección pero si factores de risco que requiren dunha intervención dos servizos sociais básicos.

ACOUGO da comezo nos últimos meses do ano 2022 a este proxecto, que lidera en Galicia, nos concellos de Ames e A Coruña e deulle continuidade no ano 2023.

Fíxose unha forte campaña de difusión do programa para captación de familias en ambas as dúas localidades.

Durante este ano 2023 realizáronse as seguintes actividades enmarcadas no programa

Familias Plus:

• Tarefas de difusión a través de cartelería:




• En redes sociais, tanto en Facebook coma Instagram:




.

https://www.instagram.com/s/aGlnaGxpZ2h0OjE3ODU2NTkxMTE0MDQzMzMz?story_media_id=3210465483810807760&igshid=MzRlODBiNWFlZA==




Difusión na páxina Web




• Seguiuse a traballar coas familias colaboradoras que xa empezaron a colaborar durante o ano 2022.
Dentro de estas accións de traballo atopamos as seguintes:
- Un clube de lectura con temática relacionada coa maternidade/paternidade e relacións materno/paterno filiais.
- Unha charla de corresponsabilidade no que traballamos o libro Motherland, e no que a autora nos acompañou para dar a formación.
- Traballo a través do correo electrónico e redes sociais para manter o contacto e seguir traballando sobre a importancia das familias colaboradoras.
- Curso sobre parentalidade positiva.
- Atención de chamadas telefónicas e correos electrónicos para solución de dúbidas.
• Reunións co persoal técnicos de Bertamiráns e Milladoiro onde se lles fai entrega do modelo de proposta de derivación para Familias Plus elaborado a través desta subvención.
Valoración da idoneidade das persoas participantes na formación para ser familias colaboradoras a través das probas e enquisas realizadas polo equipo de Acougo.
Persoas participantes
Traballamos neste proxecto con 8 familias, que xa no ano 2022 se comprometeron con este proxecto.
Valoración profesional

A valoración profesional xeral do proxecto é positiva. Temos que ter en conta que o plantexamento previo non foi posible cumplilo na totalidade debido as dificultades de coordinación e falta de prazos para o desenvolvemento da mesma.

Aínda así, retomar o contacto e a formación coas familias colaboradoras que van participar nun futuro no proxecto foi moi positivo xa que permitiu investigar mais a fondo sobre as necesidades do seu futuro traballo voluntario, ademais de profundizar en estilos positivos de crianza, tanto na educación coma na igualdade de xénero.
Permitiunos esta subvención tamén valorar positivamente a idoneidade das familias que xa o ano pasado se implicaron na formación para ser familias colaboradoras, podendo dicir que o Concello de Ames ten xa un banco de familias preparadas para formar parte de Familias Plus.
Ademais a sobre implicación na difusión do proxecto permitiu achegar á sociedade en xeral do Concello de Ames a información sobre esta experiencia, que agardamos podamos seguir realizando durante o ano 2024, dando novos pasos de profundización no ámbito e camiñando cara unha prevención que nos permita mellorar a situación das crianzas en risco no Concello de Ames.

## *PARTICIPACION E INCIDENCIA SOCIAL E POLÍTICA*

Xunto co traballo de difusión, formación e intervención directa en materia de protección á infancia e adolescencia, e máis especificamente en acollemento familiar, consideramos imprescindible a participación e incidencia social e política.

No noso empeño de visibilizar ás crianzas do sistema de protección e achegar a medida do acollemento familiar á sociedade, planificamos unha serie de actuacións a nivel local, comarcal, provincial, autonómico e estatal, coa intención de unificar criterios e ir descentralizando o modelo ata agora establecido.

No ámbito máis político, participamos en reunións, declaracións institucionais, en plenos dos concellos e presentamos mocións coa finalidade de acadar compromisos e actuacións concretas que poñan en valor a medida de acollemento familiar, faciliten o día a día das familias acolledoras e crianzas en acollemento familiar e fomenten a promoción para a súa visibilización e apoio.

Intervencións nesta liña foron as **reunións políticas** mantidas durante o ano 2023:

* Ruenion con la Concelleira de zonas Rurais de Santiago, para tratar om tema del acollemtno familiar na zona. 01/03/2023.-
* Reunion con Directora de Proyectos de Galicia.
* Reunión con la Xunta de Galicia y al Mesa de Protección de la POIG
* Reunión con la Conselleira de Política Social y Jueventud Fabiola Garcia Martinez
* Reunión na Xunta , con Cristina Blanco, Sub- directora Xeral de Proteccion Familiar, infancia e adolescencia e Jorge ,. (07 de Xullo de 2023)
* Reunión co Director Xeral de Familia, Infancia E Dinamización Xeográfica: Jacobo Rey .(11 de xullo de
2023)
* Reunión coa Fiscalía de Menores, representada por José Manuel Ucha. (19 de xullo de 2023)
* Reunión co Director Xeral de Xustiza, José Tronchoni Albert .(24 de xullo de 2023)
* Contacto co Conselleiro de Educación, Román Rodríguez (09 de agosto de 2023)
* Contacto co Xefe Territorial da Coruña: Indalecio Cabana (11 de septembro de 2023)

* Reunión con Cristina Blanco, Subdirectora Xeral de Política Familiar, Infancia e adolescencia, el 19 de septembro de 2023.

* Visita de Jacobo Rey, Director Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica: visitou o Campamento de Acougo, patrocinado e organizado pola Consellería de Traballo e Igualdade e contribuiu a difusióne á sensibilización en materia Protección de Infancia que aínda que depende da súa Dirección Xeral, nestaocasión e apostando pola transversalidade nas distintas áreas de Goberno e a implicación de distintas Consellerías e servizos no Sistema de Protección, acudiu a apoiar a nenas, nenos e adolescentes en acollemento tanto familiar como residencial.

* REUNION ALTO NIVEL- TRANSCICION DE SISTEMA DE COIDADOS CARA A MODELOS CENTRADOS NAS PERSOAS E NA COMUNIDADE . Nesta reunión de alto nivel estiveron presentes persoas importantes no ámbito familiar , de acollida e do sistema de protección da infancia. Acougo non podía faltar para achegar oseu gran de area. Celebrouse en Madrid o día 18 de outubro, no Colexio Oficial de Arquitectos.

* REUNION GRUPON DE TECNICOS E TECNICAS DE MENORES DA XUNTA DE GALICIA, levada a cabo no edificioda Xunta O Espazo Amizar , o 19 de outubro, para comentar diferentes casos e achegar información.-

* REUNION CO A XUNTA DE GALIZA: coordinación programas de acollemento. . Importantes programas déronse a coñecer para fomentar a difusión sobre o acollemento familiar. 25 de outubro.

* REUNION CON TECNICOS DE MENORES o 02 de novembro.

* REUNION CON SECRETARIO XERAL DE POLITICA Y LINGÜÍSTICA, Valentín García Gómez, el día 07 de noviembre. Tivo esta reunión froitos importantes: Edición dun libro – guía- caderno de actividades- onde se recollerán as principais actividades levadas a cabo por ACOUGO. Ademais, é unha Conselleria que se insere na nosa transversalidade de intervención sobre o sistema de protección.

* EMPREGO SEN ETIQUETAS: presentación de nova liña de axudas, aproveitando para conversar sobre o acollemento familiare coa secretaria xeral de Igualdade Sandra Vázquez Domínguez; realizada o 23 denovembro na cidade de Santiago de Compostela.

* ACTO VALEDORA DO POBO- PARTICIPACION INFANTIL: presentes as asociacións afíns para realizar traballosconxuntos en prol da infancia. Realizada en Santiago de Compostela o 27 de novembro.

*REUNION CON CRSITINA PICHEL TOIMIL, Reunión coa Directora Xeral de Xuventude ,Participación e Voluntariado. O 11 de decembro.Con ela e parte do seu equipo, e tamén con parte do Equipo de Acougo, para falar de poñer cada día mais información sobre o acollemento familiar y a necesidades dos nenos, nenas e adolescentes de crecer en familia.

* REUNION COA FISCALIA DE MENORES DO ESTADO, o 12 de decembro en Madrid.: Reunión que lanza grandes expectativas na consecución dos nosos programas, polo coñecemento que teñen do sistema de protección e polo interese mostrado.

*REUNION CON GAIN ( AXENCIA GALEGA DE INNOVACION): Oportunidade de presentación da ACOUGO,coa finalidade de dar a coñecer todo o relacionado ao acollemento familiar, menores nos centro deprotección e programas de acollemento.

* Reunión online con el Ministerio de Derechos Sociales y Agenda 2030:



Cristina Blanco, Subdirectora Xeral de Política Familiar




Jacobo Rey, Director Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica



Crsitina Pichel Toimil Directora Xeral de Xuventude ,Participación e Voluntariado.

SECRETARIO XERAL DE POLITICA Y LINGÜÍSTICA,
Valentín García Gómez



- **PARTICIPACION NA POIG** (Plataforma Infancia Galiza):

* Jornadas de la POIG: obxetivo presentar y desarrollar Programas de Acollemento Familiar.

* Jornadas de difusión y puesta en común de las medidas de emergencia- Plan de autoprotección.

* ASEMBLEA POIG (Plataforma de Infancia de Galicia) Campaña de comunicación sobre mellora do benestar nos NNA dos centros de protección. Frases para gráficos. Discusión sobre o contido da campaña. Realizouse . 03 de outubro.

* REUNIÓN MESA DE PROTECCIÓN DA POIG ( Plataforma de Infancia de Galicia), realizada o 17 de outubro, na Sede da Xunta de Galicia, en Santiago de Compostela; coa presenza de: Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia:

* Reunión grupo de traballo mesa de protección, 19 de outubro.

Elixir novos/as representantes do grupo que asistan ás reunións da Mesa de Protección.

Realizar frases curtas para poñer en gráficas que sirvan para a campaña de comunicación

que estamos a desenvolver.

* REUNION GRUPO DE TRABALLO MESA DE PROTECCION DE GALIZA

realizada o 18 de decembro , onde se avaliou todas as actuacións do ano 2023 e fíxose unha proxección para o 2024.

- **PARTICIPACION NA ASOCIACION ESTATAL DE FAMILIAS DE ACOLLIDA ASEAF**:
Coa mesma intención, ACOUGO é membro da Asociación **Estatal de Acollemento Familiar ASEAF** e traballamos conxuntamente, formando parte da directiva.

Propulsar e desenvolver políticas Estatais que amparen, apoien e acompañen ás Comunidades Autónomas para dar cumprimento ás leis e que atenda ás necesidades reais dos nenos, nenas e adolescentes do sistema de protección, das familias acolledoras e familias de orixe como protagonistas e suxeitos de dereitos e obrigas, e así garantir o bo funcionamento da mellor medida de Protección da Infancia e adolescencia: “O Acollemento Familiar”.

* Visita institucional de Helena Escalada Pardo, presidenta de ASEAF.

* REUNIÓN QUINCENAL ASEAF (asociación estatal de acollemento familiar), o 10 de outubro , vía Zoom.

* REUNION ASEAF E ACOUGO, o 6 de novembro: O obxectivo da reunión é trazar os pasos para dar para a posta en marcha da incubadora dixital en ACOUGO.

* REUNIÓN ASEAF (ASOCIACIÓN ESTATAL DE FAMILIAS ACOLLEDORAS): para preparar o encontro coa Fiscalíade menores del estado, en Madrid.07 de decembro.

- **GRUPO DE PARTICIPACION INFANTIL**

* Acto Constitución Concello autonómico de Infancia y Adolescencia

* Actividades con el Grupo de Participación Infantil y Juvenil: objetivos: dar a conocer sus derechos y escuchar que necesitan y que opinan de todas las aéreas que les atañen como sociedad, familia, etc.





GRUPO DE PARTICIPACION INFANTIL

| FECHA | OBRADOIRO | Nº PARTICIPANTES |
|---|---|---|
| 5 de maio | "Os meus dereitos" (11- 17 anos) | 4 |
| 5 de maio | "Gymkana da igualdade" (4 - 10 anos) | 5 |
| 14 de xullo | "Exprésate" (4- 10 anos) | 8 |
| 8 de agosto | "Amor, do verbo amar" (11- 17 anos) | 4 |
| 8 de agosto | "A oca das emocións e o autocoñecemento" (4- 10 anos) | 5 |
| 6 de setembro | "Cámara, luces e acción" (4-10 años) | 10 |
| 6 de setembro | "Cámara, luces e acción" | 6 |

| FECHA | OBRADOIRO | Nº PARTICIPANTES |
|---|---|---|
| 5 de maio | "Os meus dereitos" (11- 17 anos) | 4 |
| 5 de maio | "Gymkana da igualdade" (4 - 10 anos) | 5 |
| 14 de xullo | "Exprésate" (4- 10 anos) | 8 |
| | (11-17 años) | |
| 6 de setembro | "Corpo, música e movemento" (4- 10 años) | 10 |
| 6 de setembro | "Corpo, música e movemento" (11-17 años) | 6 |
| | 7 OBRADOIROS | 58 participantes |

**XORNADA "EU PODO"**

DIFUSIÓN: a centros de protección a infancia e adolescencia, entidades relacionadas co acollemento familiar (CR Santiago, AGAFEM, Aldeas Infantiles, Meniños) e familias asociadas de Acougo.







Data: 6 de setembro
LUGAR: actividade realizada nas proximidades da oficina Rúa Padrón 2, parque Paxonal
Actividade 1: OBRADORIO de medios audiovisuais "cámara, luces e acción"
- Dúas sesións por grupo de idades de 4-10 anos e de 11-17 anos
- No PARTICIPANTES: 16 PARTICIPANTES

Actividade 2: OBRADORIO de expresión corporal "corpo, musica e movemento"
- Dúas sesións por grupo de idades de 4-10 anos e de 11-17 anos
- No PARTICIPANTES: 16 PARTICIPANTES

## -*PARTICIPACION E ORGANIZACIÓN DE CONGRESOS, XORANDAS Y MAIS.*

* Conferencia Barnahus: Barnahus como modelo de atención integral a la infancia víctima de violencia sexual 2030. Madrid. 10 de febrero.

* Asistencia ao Networking "A innovación social como panca do benestar da sociedade galega." Axencia Galega de Innovación. Santiago. 2023.

* Presentación Programade Presentación Programa FSE + Galicia 2021-2027. CGAC. Santiago. 14 de marzo de 2023.

* Dia mundial del acogimiento familiar: Compartir con personas, entidades e instituciones, que nos apoyaron a difundir que el acogimiento familiar es una medida muy importante en Sistema de Protección. Actividad desarrollada con la Comunidad Educativa Santa Polonia y las Autoridades da Xunta de Galicia.

* Estratexia Estatal dos direitos da infancia e adolescencia , 2023 – 2030.

* Congreso de MANAIA sobre Adopción e Acollemento. 29 y 30 de setembro

* Acto central día da infancia, coa POIG (Plataforma de Infancia de Galicia) , na sala de convencións da Cidade da Cultura coa asistencia de director xeral de Familia Infancia e Dinamización Xeográfica, Jacobo Rey Sastre.

* III EVENTO ESTRATEGIA ESTATAL DE DESINSTITUCIONALIZACION.. Xornada de traballo no Ministerio de dereitos sociais e axenda 2030 , realizada o 30 de outubro en Madrid.

* III CONGRESO NACIONAL DE ASEAF (ASOCIACION ESTATAL FAMILIAS DE ACOGIDA):

"Acollemento familiar: unha medida de protección necesaria e valiosa"

Tras dous anos da aprobación da Lei De Protección Á Infancia E Adolescencia é o momento de analizar a evolución desta medida de protección, o acollemento familiar, e a súa repercusión nos nenos tutelados. En especial naquelas CCAA que apostaron por priorizar as solucións familiares fronte ás institucionais, e as permanentes fronte ás temporais, favorecendo ademais novas modalidades de acollemento e entendendo a importancia dos prazos na vida do neno. O Congreso, xa na súa terceira edición, exponse como foro de encontro entre todas aquelas persoas que participan nos procesos de protección da infancia, fomentando boas prácticas na xestión do acollemento, nas que o neno estea sempre no centro da toma de decisións, e propiciando a aparición na sociedade civil dunha auténtica cultura de acollemento familiar. Foron dous días moi aproveitados para aprender, falar, escoitar, coñecer problemas e buscar solucións entre todos. Sen dúbida, un congreso que ademais é unha excelente maneira de formar.






***XORNADA DE SENSIBILIZACIÓN CORRESPONSABLE:***

Tivo lugar o 28 de outubro na Cidade da Cultura. Simultaneáronse actividades de talleres, charlas e coloquios sobre a corresponsabilidade coa escritora Virginia Mosquera, na que participaron familias de acollida, membros doutras entidades como Petales e Cimega, os participantes dos clubes de lectura de adultos e xuvenil e público en xeral. Tivo moi boa acollida ainda que o mal tempo provocou a falta de asistencia de moita xente que estaba inscrita***.***



A xornada dividiuse en varias partes:

**1a parte.** Destinada a público xuvenil. Abordaron durante hora e media a importancia das historias persoais, que debemos marcar cada un de nós. Tendo como base a lecgura de "Julieta y Romeo: Ahora la historia es otra", falaron da importancia de romper cos roles de xénero e os estereotipos.



**2da parte** Julieta y Romeo.




**3era parte: Destinada a público adulto.**

A autora expuxo opanorama actual, con cifras oficiais, en canto a conciliación, maternidade, salarios e igualdade.
Cun tinte de humor revisamos os cambios na situación da muller nai nos últimos anos.
A secretaria xeral de igualdade, Dna.Sandra Vázqu alentou a seguir remando nesta dirección, traballando pola corresponsabilidade e a corparentalidade.



## FINANCIAMENTO, COLABORACIÓNS E APOIOS

A procura por acadar os fins fundacionais recollidos nos estatutos leva consigo a necesidade de dotar á Asociación de recursos económicos que lle dean soporte técnico profesional estable, e que garantan a permanencia e mantemento dos servizos que se están a desenvolver.

Así no ano 2023, cofinanciaron a nosa actividade diferentes administracións públicas, que unidas a campañas solidarias de crowfunding, recadación de fondos solidarios, doazóns e apoio dos asociados, permitiron desenvolver todos os programas.

**Convenio de colaboración para o ano 2022, entre a Consellería de Política Social e Xuventude e a Asociación de Familias de Acollida "ACOUGO", para o desenvolvemento do programa "Xerando Cultura de Acollemento", no marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia. Financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU**.

”